**CONCELLO DE VIGO**
Expte. 1631/1102

# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 16 de febreiro de 2024

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

Dª Mª Carmen Silva Rego
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezaseis de febreiro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(75).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 9 de febreiro e extraordinaria e urxente do 12 de febreiro de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(76).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DA COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DE VODAS E ACOLLEMENTOS CIVÍS CELEBRADOS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19277/101.**
Visto o informe xurídico do 05/02/2024 e o informe de fiscalización do 07/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 22/01/2024, asinado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.- Antecedentes**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

> *"Adxudicar a SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980) o procedemento aberto para a contratación do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.277-101) coas seguintes condicións:*
>
> a) *O prezo total do contrato é de 16.863,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.926,69 euros cunha porcentaxe de redución a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP do 16 %.*
>
> *b) Comprométese á realización e entrega da memoria mensual que conteña información sobre as incidencias ou calquera outra cuestión reseñable de interese para o Concello.*
>
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**Segundo.-** O contrato entre o concello de Vigo e a mercantil SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980) formalizouse en documento administrativo asinado pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o día 20 de febreiro do 2023, na Cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio da primeira prórroga o día 21 de febreiro de 2024.

Estes contratos poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.

**Terceiro.-** Con data 12 de xaneiro de 2024 comunícase a SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980) a finalización do prazo inicial do contrato o día 20 de febreiro de 2024 e máis o preaviso da primeira prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, desde o 21 de febreiro de 2024 ao 20 de febreiro de 2025, de conformidade co art. 29.2 LCSP.

**Cuarto.-** A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

**Primeiro.-** De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

**Segundo.-** O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

**Terceiro.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

Con data 12 de xaneiro de 2024 comunícase a SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980) a finalización do prazo inicial do contrato o día 20 de febreiro de 2024 e máis o preaviso da primeira prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, desde o 21 de febreiro de 2024 ao 20 de febreiro de 2025, de conformidade co art. 29.2 LCSP.

**Cuarto.-** Considérase conveniente polos que subscriben, a proposta de prorroga dun ano de duración do contrato “servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.277-101), polo período comprendido entre os días 21 de febreiro de 2024 e o 20 de febreiro de 2025, ambos os dous incluídos, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactoria e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

**Quinto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Sexto.-** O período da prórroga do contrato comprenderá entre os días 21 de febreiro de 2024 e o 20 de febreiro de 2025, ambos os dous incluídos.

**Sétimo**.- O importe do prezo da primeira prórroga é de 16.863,32 € (ive incluído), sendo a cota correspondente ao IVE de 2.926,69 €; e as cantidades por anualidades:

- Ano 2024: 14.000,00€ (ive incluído)
- Ano 2025: 2.863,32€ (ive incluído)

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a prórroga dun ano de duración do contrato "Servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo" (expediente 19.277-101), adxudicado pola Xunta de Goberno Local na **sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2023**, a favor da mercantil SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980), sendo o período da primeira prorroga o comprendido entre os días 21 de febreiro de 2024 e o 20 de febreiro de 2025, ambos os dous incluídos.

**Segundo.-** Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 9120.2279910 (ASISTENCIA TÉCNICA A PROXECTOS INSTITUCIONAIS) dos orzamentos da Alcaldía os seguintes importes a favor de SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980):

a) O gasto que representa a prórroga no exercicio económico do ano 2024 tramitarase con cargo ao RC 3525, é o seguinte:

| Aplicación orzamentaria | RC | ADXUDICATARIO | Base € | IVE € | Importe total AN0 2024 |
|---|---|---|---|---|---|
| 9120.2279910 (ASISTENCIA TÉCNICA A PROXECTOS INSTITUCIONAIS) | 3525 | SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980) | 11.570,24 | 2.429,76 | 14.000,00 € |

b) O gasto que representa a prórroga no exercicio económico do ano **2025**, é o seguinte:

| Aplicación orzamentaria | | ADXUDICATARIO | Base € | IVE € | Importe total AN0 2025 |
|---|---|---|---|---|---|
| 9120.2279910 (ASISTENCIA TÉCNICA A PROXECTOS INSTITUCIONAIS) | | SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980) | 2.366,38 | 496,94 | 2.863,32€ |

**Terceiro.-** Adoptado o acordo, deberá de notificarse á empresa adxudicataria dos indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(77).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 16864/111.**
Dáse conta do informe-proposta de data 09/02/2024, asinado pola letrada-titular de Asesoría Xurídica e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso.
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación (Bombeiros). Atrasos por horas extras e dano
moral por anulación do Decreto de 06/02/2019
Contía: Indeterminada superior a 30.000 €

| Ref. Asesoría Xurídica | Núm. Recurso Apelación | Núm. Sentenza | Data Sentenza | Procedemento de orixe |
|---|---|---|---|---|
| 16174/111 | 383/2023 | 883 | 01/12/2023 | PO 244/2020 XC-A nº 1 Vigo |
| 16117/111 | 366/2023 | 923 | 13/12/2023 | PO 242/2020 XC-A nº 1 Vigo |

Estas sentenzas, que non son firmes pero contra as que só é posible interpoñer recurso de casación, inadmiten os recursos por razón da contía, conforme á alegación que se fixo valer pola representación do Concello.

Trátase dos segundos recursos de apelación promovidos polos demandantes, funcionarios do SPEIS, contra a sentenza do XCA 1 de Vigo, e que forman parte dunha relación de máis de medio cento de recursos conexos, resoltos polo XCA 1 e 2 de Vigo.

A Sala do TSXG considera, con respecto á contía, que a condena non superaría os 30.000 euros, en concepto de diferencias de cantidade con relación ao abono das gratificacións por servizos extraordinarios, atendendo ao resultado estimatorio parcial da sentenza que apelou (STS 8/6/2020).

Canto á reclamación de responsabilidade patrimonial, por importe de 25.000 euros, a Sala resolveu que ao non declararse a inadmisibilidade do recurso contencioso nese aspecto na resolución de instancia, entende que o recurso de apelación é igualmente inadmisible, ao non exceder a reclamación por dano moral de 30.000 euros.

A Área de Recursos Humanos e a de Seguridade, xunto coa Xefatura do SPEIS deben coñecer do resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 15924/111
Sentenza nº 273 do 9 de decembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 154/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación do pagamento das vacacións nos disfrutadas nos anos 2021 e 2022, por atoparse en situación de I.T. no momento da xubilación
Expte(s): 41449/220
Contía: Indeterminada

A sentenza estima parcialmente o recurso interposto para o abono das cantidades compensatorias das vacacións non gozadas debido á súa xubilación e declara a súa desconformidade a dereito.

Recoñece o dereito á compensación das vacacións non gozadas (completas do ano 2021 e a parte proporcional do 2022) con todos os dereitos económicos inherentes con condena ao

seu abono, por unha cantidade igual ao salario que houbera recibido nun mes do ano 2021 e por un valor igual ao soldo dun período temporal igual ao que lle correspondese en concepto de vacacións respecto do ano 2022, tomando como punto de partida para o cálculo de dicha proporción a medida legal mínima de 22 días hábiles.

A sentenza é firme sen imposición de custas.

Mediante Auto do 16 de xaneiro de 2024 foi desestimada a solicitude de aclaración presentada polo demandante, mantendo invariables os pronunciamentos da sentenza, que son claros, non establecer unha cantidade líquida obxecto de condena, pero establece as bases para a súa determinación.

Debe coñecer o resolto a Área de RRHH e Formación.

3.- Contencioso
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución desestimatoria do recurso de reposición formulado sobre solicitude de toma de posesión e solicitude de excedencia por prestación de servizos no sector público. Praza Policía Local OEP 2017, 2018, 2019 pola quenda de mobilidade horizontal
Contía: Indeterminada

| Ref. Asesoría Xurídica | Núm. Recurso Apelación | Núm. Sentenza | Data Sentenza | Procedemento de orixe | Expediente administrativo |
|---|---|---|---|---|---|
| 16263/111 | 433/2023 | 927 | 13/12/2023 | PA nº 359/2022 XC-A nº 2 Vigo | 40797/220 |
| 16012/111 | 339/2023 | 936 | 20/12/2023 | PA nº 14/2023 XC-A nº 2 Vigo | 40800/220 |

Sentenzas do TSXG polas que se estiman os recursos de apelación formulados polos actores (funcionarios de carreira de outros Concellos) contra as sentenzas do Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 2 de Vigo, polas que se desestimaban os recursos interpostos polos actores contra as resolucións municipais desestimatorias do recurso de reposición, presentado fronte á resolución que rexeitaba a solicitude de excedencia automática no Concello de Vigo e lle apercibía para tomar posesión da praza para a que se lle nomeara (por mobilidade horizontal), previa acreditación da situación administrativa na que se atopaba para non incorrer en incompatibilidade.

A cuestión de fondo consiste na determinación da normativa a aplicar. O demandante defende que é aplicable con carácter preferente o previsto polo art. 10 da Lei 53/1984 de Incompatibilidades, no que se prevé a posibilidade de optar ao posto dentro do prazo de toma de posesión; e a falta de opción no prazo entenderase que optan polo novo posto pasando á situación de excedencia voluntaria no posto que viña desempeñando. O Concello entende que debe aplicarse a normativa prevista no TREBEP en relación co establecido polo art. 49 do RD 364/1995, de 10 de marzo, na que se basea a resolución municipal recorrida en instancia e mediante a que se esixe que antes de ser declarado en excedencia debe tomar po-

sesión, e para tomar posesión debe presentar a situación administrativa correspondente que asegure a incompatibilidade do desempeño de dous postos con carácter simultáneo.

O TSXG acolle a normativa alegada polo apelante, recoñece que a Lei 53/1984 é normativa básica con alcance xeral e que cando fixa a obriga de opción entre prazas ou postos incompatibles o fai como técnica para resolver unha situación de incompatibilidade para o desempeño simultáneo dos mesmos. En canto norma prohibitiva, debe ser obxecto de interpretación restritiva, especialmente cando a incompatibilidade material se salva co deber do afectado de optar libremente entre ámbalas prazas o postos sen necesidade de impor a medida máis ampla e desproporcionada de esixir a renuncia irreversible á praza obtida.

En base ao antedito, o Tribunal conclúe que resultando incompatible o desempeño simultáneo de servizos como Policía Local nos dous Concellos, polo que o demandante tiña dereito a optar por un e por outro; di que ese dereito foi exercitado polo apelante dentro do prazo de toma de posesión, ante o Concello de Vigo, polo que este último tiña que declaralo en excedencia por prestación de servizos no sector público. Revoga a sentenza apelada e declara contraria ao ordenamento xurídico a resolución que desestimou a solicitude do recorrente, e recoñece ao actor o dereito a que se declare por este Concello en situación de excedencia, condenando á Administración a tal declaración.

As sentenzas, sen custas, non son firmes, e contra as mesmas cabe interpoñer recurso de casación.

Darase traslado destas resolucións ao servizo municipal de RRHH para o seu coñecemento.

4.- Contencioso. Expediente nº 16227/111
Sentenza nº 280 do 15 de decembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 272/2023
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da solicitude presentada o 05/05/2023 sobre recoñecemento do dereito a percibir os complementos de festividade e nocturnidade durante os períodos de vacacións, IT, asuntos propios e demais permisos retribuídos, así como ao pagamento dos atrasos correspondentes
Expte(s): 42984/220
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme (recorrida en apelación), estima o recurso do demandante, policía local, motivando con remisión ao resolto polo TSXG en asuntos conexos ao presente.

Os asuntos conexos co presente atópanse pendentes de resolución polo TS, posto que se admitiron os recursos de casación contra as sentenzas do TSXG, advertencia de firmeza que tamén fai esta sentenza.

Recoñece, de todos modos, o dereito a percibir os "complementos de nocturnidade e festividade" en situación de IT, vacacións, permisos, etc., e durante os 5 anos anteriores á presentación da solicitude.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 16186/111
Sentenza nº 279 do 21 de decembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 257/2023
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Resolución do 31/05/2023 da Concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra resolución do 03/04/2023 que desestimou o recoñecemento de grao persoal co C.D. 22, polo período no que ocupou o posto de Oficial da Policía Local dende o 17/06/2019 ata o 15/09/2022
Expte(s): 41700/220
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme e contra a que cabe recurso de apelación, constando apelada polo demandante, desestima o recurso interposto polo demandante. Sen imposición de custas.

O demandante solicitara o recoñecemento do grao persoal durante o tempo que prestou servizos como Oficial da Policía Local, atopándose relacionado este procedemento con outro tramitado e resolto polo mesmo órgano xurisdicional, que rematou coa anulación por parte do TSXG do acto de proposta de nomeamento do actor deste procedemento, por vicios no proceso selectivo.

Se discutía a cuestión xurídica relativa á validez dos efectos do tempo durante o cal prestou servizos nesa categoría superior do Corpo, dende a súa toma de posesión como funcionario en prácticas, ata a firmeza da sentenza ditada polo TSXG que anulou o acto administrativo impugnado no proceso do que trae causa o presente.

O Xulgado resolve a cuestión indicando que como se expuxo na contestación á demanda, non transcorrera o tempo esixido na norma de aplicación para que se poida recoñecer a consolidación do grao.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 16151/111
Auto nº 1 do 11 de xaneiro de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Dereitos fundamentais: 249/2023
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do Concello de Vigo do 31/07/2023, desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra do 10/05/2023 e na que se acordou a suspensión provisional de funcións como policía local.
Expte(s): 42280/220
Este auto que se comunica acorda arquivar o procedemento interposto polo demandante, funcionario do Corpo da Policía Local, por non emendar o seu deber de designar letrado tralo anuncio da substitución do inicialmente designado.

O asunto se relaciona coa suspensión de funcións do demandante pola súa condición de investigado nun procedemento penal, e o procedemento se dirixía contra o uso de datos de carácter persoal difundidos -segundo a súa demanda- polo Concello a nivel interno, o que infrinxiría a LOPD e concordantes.

A área de RRHH e Formación, a de Seguridade, e a Xefatura da Policía Local deben de coñecer do resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 16287/111
Sentenza nº 2 do 12 de xaneiro de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 285/2023
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de dereito e cantidades, en relación coa prestación de servizos como Xefa de Oficina
Expte(s): 43049/220
Contía: Indeterminada

Esta sentenza que se comunica, desestima o recurso e non é firme, xa que a mesma ofrece recurso de apelación.

A demanda a presentou contra unha desestimación presunta unha funcionaria da área de xestión patrimonial e territorial do Concello de Vigo pretendendo o abono das diferencias retributivas entre o seu posto de administrativa e un posto de xefatura de oficina.

Na sentenza se recolle que se practicou a proba documental pertinente, incluíndo o expediente administrativo e declararon a instancia da actora dúas persoas.

A resolución xudicial indica que é preciso un termo de comparación válido e homoxéneo do que se pretende, e non existe nesa área un posto de xefe/a de oficina, polo que este parámetro non é posible telo en conta. A maior abondamento, examina as funcións propias do seu posto de administrativa, e as dun posto de xefa de oficina, para concluír que non hai identidade no esencial entre as funcións dun e doutro posto.

Considera falta de proba esa comparación, tendo en conta ademais que non se pretendía nin a percepción dun complemento de produtividade nin tampouco unha modificación da RPT para a creación dese posto. En suma, a proba de determinadas funcións realizadas, que incluso superan as dunha praza de administrativa, e a ausencia de proba sobre funcións propias dunha xefatura de oficina -e mesmo de negociado, si existente nesa área, pero que non se empregou para comparar- impide que se poida estimar a demanda.

Conclúe que "no esá claro que la recurrente realice las tareas propias de una jefatura, ya sea de negociado, ya de oficina, ya de oficina administrativa", tralo exame das guías de funcións, consultadas trala aportación dun informe elaborado pola área de RRHH e Formación para este procedemento.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 16080/111
Sentenza nº 2 do 24 de xaneiro de 2024
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 429/2023
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Desestimación do recurso de reposición formulado contra resolución da Concelleira Delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, desestimatoria da solicitude de declaración de excedencia por prestación de servizos no sector publico.
Expte(s): 40802/220

A sentenza do TSXG desestima o recurso de apelación interposto polo Concello e confirma integramente a sentenza apelada, ao considerar que o policía local que superou o proceso de mobilidade horizontal ten dereito a optar pola praza de orixe ou pola nova obtida; por aplicación do artigo 10 da Lei de Incompatibilidades e sen que a reforma pola Lei 18/2021, de 27 de decembro de medidas fiscales e administrativas da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locales sexa de aplicación al caso analizado, por razón de vixencia temporal.

Debe coñecer e executar o resolto o departamento de RRHH.

Procedemento de orixe:
RC-A nº 244/2022 PA XC-A nº 1 Ferrol, Sentenza nº 65 de 07/06/2023, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 13/10/2023

9.- Contencioso. Expediente nº 16176/111
Sentenza nº 25 do 24 de xaneiro de 2024
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 426/2023
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Resolución ditada o 01/03/2023 no expediente administrativo nº 41821/220, desestimatoria da solicitude de pase á situación administrativa de excedencia por prestación de servizos no sector público (OEP 2020-2021 Policía Local, quenda libre)
Expte(s): 41821/220 e 41904/220
Contía: Indeterminada

Sentenza do TSXG desestimatoria do recurso de apelación presentado polo Concello de Vigo contra a sentenza do XCA núm. 1 de Vigo, pola que se estimaba a pretensión do demandante fronte á resolución municipal pola que se lle denegaba a súa solicitude de excedencia automática no Concello de Vigo sen previa toma de posesión, do posto obtido no proceso de provisión de postos de traballo por mobilidade horizontal da Policía Local do Concello de Vigo. A sentenza establece que o art. 10 da lei de incompatibilidades permite dita excedencia, sempre que o candidato optase previamente a unha das prazas obtidas e que neste caso constaba dita opción a través da súa solicitude. Se establece tamén que dito art. 10 da Lei de incompatibilidades é de aplicación preferente ao establecido polo TREBEP e pola LEPG, e que a modificación operada no art. 43 da lei de Coordinación de Policías Locais de Galicia non estaba vixente nesa data, polo que non podía ser aplicada ao caso. Con custas dun máximo de 1000 euros. Contra esta sentenza cabe interpoñer recurso de casación.

Darase traslado desta sentenza ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.

Procedemento de orixe:
RC-A nº 146/2023 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 139 de 31/07/2023, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 13/10/2023

10.- Contencioso. Expediente nº 16137/111
Auto nº 95 do 1 de decembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 233/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de RPA presentada o 22/07/2021 polos danos sofridos por mor dunha caída na rúa Colón á altura do nº 31
Expte(s): 6125/243

Este auto acorda a terminación e arquivo do procedemento por caducidade do mesmo, ao non presentar a parte demandante o escrito de demanda no prazo procesualmente regulado.

O expediente de orixe era de RPA.

O servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 16094/111
Sentenza nº 293 do 11 de decembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 211/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos ocasionados na súa vivenda, polas filtracións de auga derivadas dos canais de desaugadoiro do lavadoiro municipal.
Expte(s): 6965/243

Sentenza firme pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo interposto contra a desestimación municipal da reclamación patrimonial presentada pola actora, por humidades na súa vivenda como consecuencia do mal estado de mantemento dun rego de auga que linda coa fachada da súa vivenda. A xulgadora entende que, da proba pericial presentada pola demandante, non se desprende nexo causal; que segundo informe técnico da inspección municipal se indica que no canal de auga desemboca unha baixante procedente dunha propiedade veciña, que está mal tomada, a cal pode ser un punto de entrada da filtración; que a parede da demandante está ao seu carón e que este pode ser a orixe das filtracións. Abeirase a sentenza nun factor máis, consistente en que o camiño non é de titularidade municipal, polo que o regato tampouco, segundo así se desprende do informe da arquitecta técnica municipal. Polo tanto, non queda probada a relación de causalidade entre o dano padecido e o servizo público municipal. Non caen recursos contra esta sentenza.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

12.- Contencioso. Expediente nº 16191/111
Sentenza nº 270 do 12 de decembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 259/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos ocasionados ao vehículo cando circulaba pola Carretera da Coutada nº 43
Expte(s): 6990/243
Contía: 267,17 €

Sentenza firme pola que se desestima o recurso interposto polo actor contra a resolución municipal que inadmite a reclamación patrimonial polos danos padecidos polo demandante no seu vehículo ao transitar por unha vía de titularidade provincial en mal estado. O xulgador indica na sentenza que o actor non debeu presupoñer que a vía era de titularidade municipal, e que a carga da proba de dita titularidade recae sobre quen reclama, non sobre a Administración demandada a que, neste caso, non é responsable de ditos danos ao non ostentar a titularidade da vía. Non cabe recurso contra esta sentenza.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

13.- Contencioso. Expediente nº 16364/111
Auto nº 105 do 13 de decembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 302/2023
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da reclamación de RPA polos danos causados a vehículo cando se atopaba estacionado no Parque do Castro, como consecuencia dos traballos de xardinería efectuados por operarios municipais.
Expte(s): 7064/243

O auto, firme, tendo en conta que as peticións da demanda resultaron atendidas (foi ditada resolución expresa que estima a reclamación presentada) declara terminado o procedemento e ordena o arquivo do recurso e a devolución do expediente administrativo sen imposición de custas.

14.- Contencioso. Expediente nº 16144/111
Sentenza nº 298 do 15 de decembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 234/2023
Demandante/Recorrente:C.P. Edificio Las Tres Torres-Bloque 3 (Gregorio espino 43)
Obxecto: Desestimación por silencio á petición de responsabilidade patrimonial, para instar a reparación da vía pública e indemnización de danos e prexuízos como consecuencia da falta de mantemento da Avda. Gregorio Espino 41 e 43, que comunican coa rúa Carrizo.
Expte(s): 6923/243

Esta sentenza, que é firme, desestima o recurso interposto pola C.P. Edificio Las Tres Torres contra a desestimación por silencio dunha reclamación por responsabilidade patrimonial por mor de danos por filtracións de auga no edificio da Avda. Gregorio Espino 43.

A resolución considera que non pode prosperar o recurso xa que non se acreditou pola parte demandante que o estado da impermeabilización -preceptiva segundo normativa técnica- do edificio, se atopase en bo estado.

Faise mención á proba pericial de parte, na que o seu técnico conclúe unha deficiente impermeabilización do edificio, o que xunto coa constatación nos informes municipais de que ese edificio carece de eses elementos de illamento contra a humidade, comporta que se desestime a demanda, xa que o deber de conservación do titular da edificación é inexcusable.

O servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 16281/111
Auto nº 98 do 15 de decembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 282/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Reclamación RPA polos danos sofridos polo vehículo cando circulaba pola Avda. De Beiramar á altura do nº 101
Expte(s): 6973/243

Procedemento contencioso-administrativo resolto por auto que acorda o remate do procedemento por recoñecemento total na vía administrativa das pretensións da parte recorrente.

O expediente de orixe era de RPA (danos nun vehículo por mor dunha tapa de rexistro da concesionaria do servizo de abastecemento de auga).

O servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

16.- Contencioso. Expediente nº 16276/111
Sentenza nº 276 do 21 de decembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 281/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos sofridos a consecuencia dunha caída na rúa Fermín Penzol o día 12/05/2022
Expte(s): 6792/243
Contía: 2.721,17 €

Esta sentenza é firme, e resolve un preito interposto por unha persoa en materia de RPA, polos danos derivados dunha caída na Rúa Fermín Penzol.

Resolveuse expresa e estimatoriamente a reclamación, pero tras turnarse ao Xulgado a demanda, razón pola cal na sentenza non se aprecia a plena satisfacción extraprocesual, xa que non se recollen os xuros que sí se esixían na demanda.

Aínda así, a sentenza aprecia a dilixencia municipal na resolución expresa, e acolle parcialmente a demanda, no senso de non entender ampliada a mesma contra a aseguradora municipal, e sen prexuízo de que esta faga fronte á franquía do seguro.

Unicamente se incrementa a cantidade recollida na resolución municipal no importe deses xuros, polo que non se entra no fondo do asunto.

O servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto e completar o importe a satisfacer á demandante co recollido na sentenza a executar.

17.- Contencioso. Expediente nº 16273/111
Sentenza nº 278 do 21 de decembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 275/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos sofridos no trasteiro anexo a súa vivenda, por mor das filtracións de agua procedente da beirarrúa exterior do edificio.
Expte(s): 6970/243
Contía: Indeterminada

Esta sentenza é firme, por contía, e desestima o recurso interposto pola demandante, sen imposición de custas.

O obxecto do recurso o constituía a desestimación presunta dunha reclamación de RPA, por danos materiais causados por unhas filtracións no trasteiro da demandante. Se alegaba que correspondía ao Concello o mantemento e impermeabilización da beirarrúa baixo a que se sitúa este espazo.

Alegouse que conforme á documentación é imposible xuridicamente que baixo un ben demanial existise unha propiedade privada á marxe dos mecanismos que a normativa sobre patrimonio regula para estas situacións, así como que estes elementos -comúns no réxime de propiedade horizontal- non fose obxecto de reclamación conxunta por parte da C.P.

A sentenza atende á proba básica aportada por esta parte que é a ficha catastral na que se aprecia que o espazo sobre o que se sitúan os trasteiros é da propiedade exclusiva da C.P. (demandante na súa porcentaxe), e que polo tanto, se inclúe como responsabilidade do mantemento da propiedade da edificación.

Non hai título válido en dereito de imputación da causación dese dano ao Concello, o que comporta a desestimación da demanda.

O servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

18.- Contencioso. Expediente nº 16292/111
Sentenza nº 306 do 22 de decembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 278/2023
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo da reclamación de RPA polos danos sofridos no edificio por mor de filtracións de augas polo mal estado do camiño lindante pola parte noroeste.
Expte(s): 6893/243
Contía: 1.760,00 €

A sentenza desestima o recurso contencioso-administrativo interposto pola comunidade de propietarios Rosario Hernández Diéguez 2, contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos (1.760 €) como consecuencia das filtracións na planta soto do edificio destinada a aparcamento, por non resultar probado o nexo causal entre o sinistro e o funcionamento dun servizo público.

A sentenza é firme e, tendo en conta que a Administración non resolveu expresamente, non realiza un pronunciamento sobre condena de custas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

19.- Contencioso. Expediente nº 16229/111
Sentenza nº 2 do 4 de xaneiro de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 224/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos ocasionados no inmoble por mor das obras de reconstrucción dun muro sito na zona cercana á vivenda
Expte(s): 6883/243
Contía: 6.952,00 €

Sentenza firme desestimatoria da pretensión da recorrente, consistente nunha indemnización de 6.952 euros en concepto de danos na súa vivenda ocasionados pola maquinaria utilizada nunha obra pública adxudicada á entidade CivisGlobal SLU., en Camiño Lugar de Arriba de Vigo.

A xulgadora fundamenta a súa desestimación no resultado da práctica da proba; non consta a utilización de maquinaria pesada utilizada nesta obra, tampouco martelos percutores, nin estudo pericial axustado á imputación de orixe, e non como o aportado que só se fundamenta en conxeturas; en relación á falta de lexitimación activa da actora, non consta acreditado que actúe en n/r da comunidade hereditaria, e en definitiva, non existe nexo causal entre a obra municipal e os danos padecidos na súa vivenda. Sen custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

20.- Contencioso. Expediente nº 16360/111

Sentenza nº 11 do 16 de xaneiro de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 305/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos e perdas sofridas no vehículo ao ser danado por un contedor de lixo sito na rúa Burgos
Expte(s): 7017/243
Contía: 235,13 €

Sentenza firme estimatoria en parte, do recurso contencioso interposto fronte á desestimación presunta do Concello de Vigo, da reclamación patrimonial presentada polo actor polos danos padecidos no seu vehículo como consecuencia dun contedor de lixo que volcou sobre o seu vehículo. O xulgador declara disconforme a Dereito a desestimación presunta, a anula e revoga e condena ao Concello de Vigo a aboarlle a suma de 192,32 euros mailos intereses legais devengados dende a presentación da reclamación e ata o seu completo pagamento, por canto da comunicación entre a prexudicada e a policía (telefónica) hai plena proba e entende que, a pesar que de a demandante non cumpriu completamente coa carga probatoria que lle correspondía, non procede desestimar o recurso por canto non é de recibo que os contedores se desplomen, se despracen ou causen danos a terceiros; que hai un dano e unha clara conexión causal e antijuricidad do dano pola ausencia do deber de soportar o prexuízo polo titular do vehículo e pola inobservancia municipal de medidas tendentes a evitar a causación do dano.

A acción non se acolle na súa integridade en relación á cantidade reclamada, de maneira que a acción estímase unicamente pola cantidade reclamada sen IVE (194,32 euros). Non se impoñen custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento e execución.

21.- Contencioso. Expediente nº 15026/111
Sentenza nº 289 do 1 de decembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Ordinario: 288/2022
Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública
Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da solicitude de incoación de expediente de revisión de oficio do acordo adoptado polo Pleno da Corporación do Concello de Vigo o 27/01/1998, polo que se acordou a imposición ao Concello de Porriño de custes de explotación do canle, gastos de vixilancia e recuperación de investimentos efectuados no subministro de auga a Vigo e o Porriño
Expte(s): 1492/441
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso contencioso-administrativo, con imposición de custas.
A sentenza establece a adecuación a Dereito do acordo plenario do 28/12/2022, de inadmisión a trámite dunha solicitude de revisión de oficio doutro acordo plenario precedente do 27/01/1998 (acordo firme e consentido), que determinou a cantidade esixible por parte do

Concello de Vigo ao Concello de O Porriño pola utilización conxunta da canle e presa de Eiras, dada a responsabilidade de ambos concellos na asunción de custes en proporción á súa participación nos gastos derivados destas infraestruturas hidráulicas.

A sentenza, tendo en conta os antecedentes de feito concorrentes e as sentenzas recaídas ata o día da data, determina que o Concello de Vigo seguiu o procedemento legalmente establecido para declarar a inadmisión a trámite da solicitude de revisión de oficio, que a mesma carecía de fundamento e que tampouco concorreu ningunha causa de nulidade, nin se provocou indefensión á administración demandante.

A Área de Fomento, a Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e a Recadación Municipal, deben coñecer o resolto.

22.- Contencioso. Expediente nº 16185/111
Sentenza nº 299 do 19 de decembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 230/2023
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: Inactividade administrativa derivada da desestimación da reclamación formulada o 12/07/2021 para o fin de esixir o exercicio das súas competencias en materia de conservación e mantemento do servizo de pavimentación e rede de sumidoiros do espacio público situado en colindancia coa fachada posterior do edificio sito en Tomás Alonso nº 185.
Expte(s): 50329/446
Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Sentenza firme pola que se condena ao Concello de Vigo a exercer ás súas competencias en materia de mantemento da pavimentación das vías públicas nas condiciones debidas, conforme o art. 25.2.d) e 26.1 da LRBRL en relación ao espazo público municipal sito na parte posterior do edificio de Tomás Alonso núm. 185. O recurso formulado polo actor diríaxe contra o acto presunto desestimatorio da reclamación dos veciños de dito inmoble, do mantemento e reparación dese espazo municipal.

A sentenza anula a desestimación presunta e condena ao Concello a realizar as obras necesarias de reparación e mantemento da soleira colindante coa fachada do edificio da Comunidade, que evite o embolsamento de auga, mediante a colocación dunha rexilla de canalización de augas pluviais e formación de lixeira pendente da soleira que impida o contacto da auga embolsada co pano da fachada nos termos do informe pericial aportado, no prazo de seis (6) meses. Con imposición de custas ao Concello por importe de 300 euros.

Darase traslado desta sentenza aos servizos de Fomento e de Vías e Obras para o seu coñecemento e cumprimento no prazo indicado no fallo.

23.- Contencioso. Expediente nº 15340/111
Sentenza nº 526 do 19 de decembro de 2023
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2
Ordinario: 4299/2022
Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: Desestimación presunta do requirimento previo, para que proceda a realizar as obras necesarias para a entrega dos espazos recorridos no ámbito de actuación do convenio de “Construción e mantemento do paseo marítimo de Bouzas” subscrito o 04/07/1997
Expte(s): 1502/441
Contía: 1.164.644,18 €

A sentenza que se comunica estima o recurso interposto pola APV e impón as custas do procedemento ao Concello. Non é firme pero só cabe a presentación dun recurso de casación perante o TS.

Na sentenza se discutía se a perda de vixencia do convenio celebrado no seu momento para a execución e mantemento do paso de Bouzas comportaba un deber de conservación absoluto e sen reservas por parte do Concello de Vigo, se existiu por tal razón un incumprimento do mesmo por parte do Concello ao non manter as estruturas e elementos semellantes, e finalmente, se procedía abonar á APV o importe equivalente ao importe de adxudicación dun contrato de obras para ese paseo.

A sentenza acorda interpretar na súa literalidade o texto do convenio e entende que era responsabilidade do Concello o mantemento de toda a zona, e mesmo se recolle que é prescindible a existencia de título concesional para executar obras sobre zona de demanio portuario, unha das cuestións alegadas.

Tamén reprocha a ausencia de respostas durante o período de vixencia do convenio, aos escritos presentados pola APV ao estado do paseo. O período de tempo transcorrido é o que emprega como fundamentación tamén para estimar a pretensión de que se abone o equivalente ao importe de adxudicación do contrato licitado pola APV, con independencia de que se trate dun importe moi superior ao que figuraba no primeiro estudio acompañado co requirimento previo.

Valora como actos propios diversos documentos municipais nos que se recoñecía responsabilidade no mantemento, se ben o alcance do mesmo se concretou noutros informes posteriores achegados ao procedemento.

A área de Fomento debe coñecer do resolto.

24.- Contencioso. Expediente nº 16216/111
Sentenza nº 271 do 1 de decembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 270/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución ditada no expediente sancionador nº 2023/02833 que acorda desestimar as alegacións presentadas e decreta impoñer sanción por exceso de velocidade con retirada de 2 puntos do carnet de conducir
Expte(s): 309168/280
Contía: 300,00 €

Sentenza firme pola que se desestima o recurso contencioso administrativo interposto pola demandante contra a resolución municipal do 1-6-2023 pola que se lle impuxo unha multa

de tráfico de 300 euros e detracción de 2 puntos por exceso de velocidade. Pretende que dita resolución se declare polo órgano xurisdicional non axustada a dereito, se anule e revogue, con condena á devolución das cantidades abonadas e restitución de puntos. A queixa da recorrente consiste en que a fotografía remitida coa denuncia non era clara e que é necesario achegar dúas fotografías do vehículo xunto á denuncia.

A pretensión é desestimada por canto o xulgador entende que á vista da proba achegada polo Concello de Vigo, consistente nun informe da DXT, este tipo de radar non esixe doble fotografía. Tal e como alegou a representación do Concello de Vigo, a sentenza dí que utilizouse un cinemómetro tipo Multanova Radar 6f.MR" que é capaz, entre outros, de detectar, seguir e identificar inequivoamente o obxectivo durante todo o proceso de medición cunha única fotografía.

Contra esta sentenza non cabe recurso algún.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Seguridade e Policía Local, para o seu coñecemento.

25.- Contencioso. Expediente nº 16476/111
Sentenza nº 4 do 16 de xaneiro de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 324/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 01/09/2023 desestimatoria do recurso de reposición formulado en expediente sancionador.
Expte(s): 311554/280
Contía: 900,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso interposto contra unha resolución sancionadora por non identificar ao condutor por mor doutra infracción en materia de tráfico; con imposición de custas ao recorrente.

A sentenza considera que non é discutible o enderezo no cal practicar as notificacións (o que figure nos rexistros da Xefatura Central de Tráfico) e equipara o deber de notificación da Administración e o deber de dilixencia dos destinatarios das mesmas. Concluíndo que neste suposto practicáronse correctamente.

E o xulgador neste caso entende que non resulta aplicable o art. 95.4 do Texto refundido da lei de tráfico a fin de motivar que procedía o requirimento de identificación do condutor porque se trataba dunha infracción grave con detracción de 2 puntos do carnet de conducir.

Debe coñecer o resolto o servizo de Seguridade.

26.- Contencioso. Expediente nº 16471/111
Sentenza nº 7 do 16 de xaneiro de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 325/2023
Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo de 01/09/2023 ditada en expediente sancionador ao non identificar ao condutor.
Expte(s): 310267/280
Contía: 300,00 €

Esta sentenza estima o recurso interposto contra unha resolución ditada nun procedemento sancionador en materia de tráfico, impoñendo as custas do procedemento á parte demandada. Firme xa que non é posible interpoñer recurso ordinario algún.

O obxecto do recurso é unha resolución sancionadora por non identificar ao condutor por mor doutra infracción en materia de seguridade vial.

A sentenza considera que non é discutible o enderezo no cal practicar a notificación, e equipara os deberes de notificación da administración e de dilixencia dos destinatarios das mesmas.

Canto ao fondo do asunto, na sentenza se invoca o art. 95.4 do Texto refundido da Lei de Tráfico a fin de motivar que non procedía o requirimento de identificación, e polo tanto, comporta a nulidade do procedemento sancionador. Considera que o requirimento de identificación ao condutor só se debe facer nos casos sinalados na propia norma (RD 6/2015).

O servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

27.- Contencioso. Expediente nº 15472/111
Sentenza nº 285 do 20 de novembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 4/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo, desestimatoria da solicitude de rectificación da autoliquidación polo Imposto sobre o Incremento dos Terreos de Natureza Urbana.
Expte(s): 5637/550 e 40437/514
Contía: 9.839,56 €

A sentenza, firme, desestima o recurso contencioso-administrativo, sen imposición de custas, ao tratarse dunha situación xurídica consolidada non susceptible de revisión en relación co Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

O departamento de Xestión Tributaria (Plusvalía) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

28.- Contencioso. Expediente nº 16204/111
Sentenza nº 8 do 16 de xaneiro de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 264/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Acordo ditado polo TE-A o 27/06/2023, desestimatorio de reclamación económico-administrativa por ingresos indebidos
Expte(s): 5849/550 e 43759/514

Contía: 7.909,09 €, 6.515,51 €, 7.909,09 €

Sentenza firme desestimatoria do recurso interposto contra o acordo do TEAL, polo que se desestima a reclamación económico-administrativa presentada fronte á resolución do 23 de marzo de 2023 que desestimou o recurso de reposición interposto fronte ao rexeitamento de solicitude de 20 de marzo de 2023 de devolución de ingresos indebidos por autoliquidación practicada polos tres demandantes en concepto de IIVTNU por importes de 7.909,09 euros, 6.515,51 euros e 7.909,09 euros, de data 11 de marzo de 2019.

Entende o xulgador, ao igual que a resolución do TEAL, que a situación tributaria merece ser considerada consolidada e non susceptible de revisión, e que os recorrentes reaccionaron fronte ditas liquidacións moito tempo despois da STC 182/2021 de 26 de outubro de 2021. Imponse 200 euros en concepto de custas aos demandantes. Non cabe interposición de recurso.

Da presente resolución darase traslado ao servizo económico de Ingresos e ao TEAL para o seu coñecemento.

B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 16508/111
Auto nº 65 do 30 de novembro de 2023
Xulgado do Social nº 4 de VIGO
Ordinario: 879/2023
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Reclamación de dereitos, resolución do 29/11/2022

Esta resolución inadmite a demanda do demandante, persoal laboral do Concello de Vigo, e suspendido en virtude da execución dunha sentenza penal firme.

O demandante pretendía de novo discutir a súa suspensión de emprego e soldo, e a resolución motiva entendendo a concorrencia de cousa xulgada, posto que xa se tratou no procedemento firme impugnado en suplicación perante o TSXG e que resolveu a conformidade a dereito da actuación municipal.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

2.- Social. Expediente nº 14822/111
Sentenza nº 469 do 14 de decembro de 2023
Xulgado do Social nº 4 de Vigo
Ordinario: 275/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Reclamación de cantidade en concepto de diferenza do valor das horas extraordinarias.
Expte(s): 37221/220

Esta sentenza, que é firme por contía, ao non indicarse unha cantidade determinada, pero ser inferior a 3.000 euros, desestima a demanda do actor, quen pretendía o cobro dunhas

cantidades -previo recoñecemento do seu dereito a percibilas- correspondentes ás gratificacións por servizos extraordinarios, e conforme a unha fórmula que altera a recollida no Acordo regulador/ convenio colectivo e validada polo TSXG (Sala do C-A e Social).

Con independencia de que a demanda non pode prosperar porque se aprecia a excepción de prescrición alegada, se recoñece que o Concello dende novembro do 2020 xa abona as gratificacións con inclusión da parte proporcional das pagas extraordinarias, e que non procede revisar nin recoñecer tal fórmula unilateral de cálculo da hora extra a este demandante.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

3.- Social. Expediente nº 15459/111
Sentenza nº 345 do 18 de decembro de 2023
Xulgado do Social nº 5 de Vigo
Ordinario: 852/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Recoñecemento do dereito a percibir, nas datas nas que se mantivo en situación de permiso retribuído e vacacións, as cantidades correspondentes aos complementos de nocturnidade e festividade

Sentenza firme pola que se condena ao Concello de Vigo ao pagamento da cantidade reclamada polo actor (persoal laboral municipal) en concepto de nocturnidade e festividade en período de vacacións desfrutadas no ano 2021 e 2022 (en diferentes períodos). Na sentenza se indica que a reclamación presentada na vía administrativa interrompe o período de prescrición (art. 1173 do CC) por mais que a reclamación previa non opere como un presuposto de acceso á xurisdición social; e que a retribución do período de vacacións debe calcularse tendo en conta os pluses reclamados de nocturnidade e festividade que habitualmente viñera desenvolvendo. O fallo recoñece ao actor o importe reclamado por un total de 768,17 euros mailo 10% de recargo de interese por mora en cómputo anual.

Darase traslado desta resolución do servizo de RRHH para o seu coñecemento e execución.

4.- Social. Expediente nº 15356/111
Sentenza nº 386 do 27 de decembro de 2023
Xulgado do Social nº 5 de Vigo
Ordinario: 848/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Recoñecemento dereitos e cantidades incentivo xubilación anticipada.
Contía: 3.600,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso e considera que o actor non ten dereito á percepción do incentivo/premio á xubilación que demandaba neste proceso.

A sentenza resolve no mesmo sentido que nos asuntos relacionados por parte doutros Xulgados do Social de Vigo. A consideración deste tipo de incentivos responde a unha natureza retributiva, e polo tanto, non procede o seu recoñecemento en virtude do principio de legalidade. Trátase dunha cuestión xa resolta mesmo polo TS.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

5.- Social. Expediente nº 15510/111
Sentenza nº 23 do 19 de xaneiro de 2024
Xulgado do Social nº 6 de Vigo
Ordinario: 54/2023
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: En materia de contías, reclamación das cantidades correspondentes pola realización de funcións de superior categoría e hora. Axudante Mantemento Servizo Municipal Deportes
Expte(s): 41398/220

A sentenza, recorrida en suplicación, estima parcialmente a demanda presentada e condena ao Concello de Vigo ao pagamento de 4.741,84 euros mailos xuros desta cantidade liquidados ao 10% anual.

Debe coñecer o resolto o servizo de RRHH e Formación.

C) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL CIVIL

1.- Civil. Expediente nº 14765/111
Auto nº 613 do 26 de decembro de 2023
Xulgado de Primeira Instancia nº 2 de Vigo
Tercería de Dominio: 161/2021
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Contra o Concello de Vigo como executante no expediente nº 40466/700, expediente apremio nº 163594 seguido contra a entidade inmobiliaria "VISTA AL MAR, SL" con embargo e anotación preventiva sobre o local comercial 5-A sito no baixo do edificio nº 45 da rúa López Mora
Expte(s): 145124/700

Este Auto, que non é firme porque cabe contra o mesmo interpoñer recurso de apelación, desestima a demanda de tercería de dominio interposta pola actora; Oilis Bolsa S.L.

O Auto resolve indicando que non concorre na parte demandante a cualidade de terceiro en relación coa débeda que motivou o embargo, ao acreditarse confusión de intereses entre os da demandante e embargada.

Impóñenselle as custas do procedemento.

A Tesouraría-Recadación Executiva debe coñecer do resolto.

2.- Civil. Expediente nº 14021/111
Sentenza nº 1 do 9 de xaneiro de 2024
Xulgado de Primeira Instancia nº 4 de Pontevedra
Ordinario: 900/2021
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Exercicio de acción declarativa e de inmatriculación rexistral da finca sita na rúa Oliva nº 14 Vigo.

Esta sentenza non é firme e estima o recurso interposto pola parte demandante Casa da Caridade de Vigo en exercicio dunha acción declarativa de dominio e de inmatriculación rexistral dun inmoble situado no Casco Vello.

A comparecencia do Concello de Vigo foi a efectos formais, como a da AEAT e a de todas as persoas propietarias dos inmobles colindantes. Aqueles que puideron dispoñer da acción se achaiaron ás pretensións, e o Concello de Vigo e a AEAT alegamos falta de lexitimación pasiva e ad causam.

A sentenza resolveu sen imposición de custas.

O servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**I.** Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demáis resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

**II.** Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

**III.** Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demáis resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

**V.** E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

**PROPOSTA DE ACORDO**

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(78).- ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "FUNDACIÓN DA SANTA CRUZ" PARA O SOSTEMENTO DO SEU ALBERGUE-"CASA NOSA SEÑORA DA SAÚDE" (2022-2025). EXPTE. 262278/301.**
Visto o informe de fiscalización do 06/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 30/01/2024, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de artellar un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

I.2. A institución «Fundación da Santa Cruz» (antes: *"Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres"*) ten como obxectivo principal a atención e o coidado de persoas carentes de recursos e en situación de exclusión social severa. Trátase dunha das entidades sen ánimo de lucro que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de verdadeira necesidade e os seus centros asistenciais en Vigo constitúen uns valiosos recursos sociais dentro do conxunto do sistema de servizos sociais da cidade. En concreto, a institución dispón de dous centros autorizados pola Xunta de Galicia (Albergue e Casa de acollida) que cumplen cos requisitos da normativa vixente de autorización de centros e programas.

I.3. O Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que teñen a necesidade de acudir a estes recursos para poder subsistir nunhas condicións minimamente dignas, sendo complementarios dos recursos propios dos servizos sociais do Concello como, por exemplo, os do Albergue municipal – CIIES da rúa Marqués de Valterra.

I.4. O 05.10.2022 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN DA SANTA CRUZ PARA O SOSTEMENTO DO SEU ALBERGUE – "CASA NOSA SEÑORA DA SAÚDE" (2022 – 2025)», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 15.09.2022 (Exp. nº 238088/301).

I.5. Na súa Estipulación Terceira estableceuse o seguinte:

*«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación da Santa Cruz» unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 57.060€/ano (en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 228.240€) para cofinanciar o custo da contratación dunha traballadora social para o Albergue "Nosa Señora da Saúde" (que non terá relación laboral ningunha co Concello de Vigo) e os gastos de comedor do Centro.*

*O gasto do exercicio de 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04 – "Fundación de la Santa Cruz". As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos respectivos orzamentos municipais...».*

I.6. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2024, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.12.2023 (Exp. nº 80/142; BOPPO nº 249, do 29.12.2023), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04 – *"FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ"*, un importe de 65.250,00€, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

I.7. Con ese incremento da contía da subvención (+8.190€) preténdese facer fronte, alomenos parcialmente, ó incremento de prezos experimentado nos últimos anos (alimentos, enerxía, etc.).

I.8. Por todo o anteriormente exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar, co contido indicado, unha Addenda ó Convenio de colaboración coa "Fundación da Santa Cruz", que afecta exclusivamente á súa Estipulación Terceira.

I.9. De acordo co previsto na súa Estipulación Décimo primeira: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente Addenda».*

I.10. Tal como se recollía expresamente na proposta de Convenio coa "Fundación da Santa Cruz" aprobada pola XGL o 15.09.2022, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.11. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), esta Addenda deberá ser sometida a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Base nº 40.3), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

I.12. Como queira que os compromisos económicos asumidos en virtude deste Convenio modificado pola Addenda en cuestión non superan os 600.000€, non será necesaria a súa remisión electrónica ó Tribunal de Contas ou ó órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das facultades que teñen legalmente atribuídas para reclamar cantos datos, documentos e antecedentes estimen pertinentes (Art. 53 LRXSP), como así se recollía xa no Convenio aprobado o 15.09.2022.

I.13. A competencia para aprobar a Addenda ó precitado Convenio e, previamente, o gasto que representa, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo, de acordo co Art. 127.1.g) da LRBRL, Art. 31 da LSG e coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coas Resolucións do 20.06.2023 (Apdo. Primeiro, Pto. j]) e do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO n.º 136, do 14.07.2023).

I.14. A súa sinatura corresponde ó Alcalde – Presidente da Corporación (Arts. 124.4.a] LRBRL e 61.1.a] LALGA) e, por delegación súa, á Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo (Resolución da Alcaldía – Presidencia do 20.06.2023, de delegación de competencias xenéricas en concelleiros de Área de goberno e concelleiros delegados; Apdo. Primeiro, Pto. j]; BOPPO nº 124, do 28.06.2023 e Base nº 40.2).

I.15. O preceptivo informe xurídico (Base nº 40.3 das de execución do orzamento xeral) dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á ADDENDA ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN DA SANTA CRUZ PARA O SOSTEMENTO DO SEU ALBERGUE – "CASA NOSA SEÑORA DA SAÚDE" (2022 – 2025)», co texto que a seguir se transcribe.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe total de 130.500€ (CENTRO TRINTA MIL CINCOCENTOS EUROS) para os exercicios de 2024 e 2025. O gasto correspondente a 2024, que é de 65.250€, imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04 (*"FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ"*). A achega correspondente ó exercicio de 2025 (outros 65.250€) estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar este acordo no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (**http://transparencia.vigo.org**) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA Ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN DA SANTA CRUZ PARA O SOSTEMENTO DO SEU ALBERGUE – "CASA NOSA SEÑORA DA SAÚDE" (2022 – 2025)».

En Vigo, na data da sinatura electrónica

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, Dª Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local, Dª Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D. Ramón Batlle Tomàs, con DNI nº 40.894.035-N, Vicepresidente da «Fundación da Santa Cruz», con enderezo para os efectos de notificación na Avda. de Galicia nº 160 desta cidade.

INTERVEÑEN

Dª. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coa Resolución do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO n.º 136, do 14.07.2023).

D. Ramón Batlle Tomàs, actuando en representación da «Fundación da Santa Cruz» (CIF G-67116756), segundo así resulta da documentación achegada ó expediente, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

Dª. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As/os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización da presente Addenda e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I. O 05.10.2022 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN DA SANTA CRUZ PARA O SOSTEMENTO DO SEU ALBERGUE – "CASA NOSA SEÑORA DA SAÚDE" (2022 – 2025)», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 15.09.2022 (Exp. nº 238088/301).

II. O obxecto dese Convenio de colaboración era a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Fundación da Santa Cruz» para o sostemento do seu Albergue – "Casa Nosa Señora da Saúde", situado na Avda. de Galicia nº 160 desta cidade.

III. Na súa Estipulación Terceira estableceuse o seguinte:

*«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación da Santa Cruz» unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 57.060€/ano (en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 228.240€) para cofinanciar o custo da contratación dunha traballadora social para o Albergue "Nosa Señora da Saúde" (que non terá relación laboral ningunha co Concello de Vigo) e os gastos de comedor do Centro.*

*O gasto do exercicio de 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04 – "Fundación de la Santa Cruz". As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos respectivos orzamentos municipais...».*

IV. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2024, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.12.2023 (Exp. nº 80/142; BOPPO nº 249, do 29.12.2023), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04 – *"FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ"*, un importe de 65.250,00€, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

V. En efecto, a teor do previsto na súa Estipulación Décimo primeira: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente Addenda».*

Tendo en conta o anteriormente exposto as partes,

ACORDAN

«PRIMEIRO: Modificar a Estipulación Terceira do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN DA SANTA CRUZ PARA O SOSTEMENTO DO SEU ALBERGUE – "CASA NOSA SEÑORA DA SAÚDE" (2022 – 2025)», que quedará coa seguinte redacción:

*«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación da Santa Cruz» unha subvención para os exercicios de 2024 e 2025 por importe total de 130.500€ (65.250€/ano). O gasto para o exercicio de 2024 (65.250€) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04 – "FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ". A achega prevista para o exercicio de 2025*

*(último ano de vixencia do Convenio), outros 65.250€, estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais».*

SEGUNDO: O réxime de pagamentos será semellante ó establecido na Estipulación Quinta do Convenio subscrito en 2022 entre a *Concellería de Política de Benestar Social* e a «Fundación da Santa Cruz», pagándose o 50% (32.625€) logo da asinatura da Addenda e previa presentación do proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do anterior e o 50% restante (32.625€) unha vez xustificados os gastos realizados ata o 01 de novembro do correspondente exercicio. Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente unha declaración responsable de que non está incursa en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

TERCEIRO: A presente Addenda estará en vigor durante a vixencia que resta do Convenio».

E en proba de conformidade, as partes asinan esta Addenda, por duplicado exemplar, na data expresada no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno local, dou fe.

**5(79).- ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADICTIVAS” E COA “FUNDACIÓN ÉRGUETE INTEGRACIÓN” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES E DUN PROGRAMA DE REDUCCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO (“PROGRAMA SEREOS”) (2023-2025). EXPTE. 2983/315.**

Visto o informe de fiscalización do 07/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 31/01/2024, asinado pola xefa de Servizo de CEDRO, o xefe da Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. A “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS” ven desenvolvendo a súa actividade en Vigo, no campo das drogodependencias, levando a cabo diversos programas de axuda que complementan as actividades asistenciais e de incorporación social das Administracións local e autonómica.

Desde o ano 2002 dispón dun programa de apoio residencial para persoas drogodependentes en tratamento nas unidades asistenciais de drogodependencias da Rede de Tratamento de Condutas Adictivas en Vigo, que se desenvolve en tres pisos ou centros de réxime residencial temporal nos que, mediante unha actuación programada, se posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación socio-laboral das persoas en situación de risco de exclusión social. Son os tres “centros de apoio social a procesos terapéuticos” de Érguete que constan rexistrados no RUEPSS cos núms. E-0103C001, E-0103C002 e E-0103C003.

Este programa de apoio residencial vai dirixido a persoas drogodependentes en tratamento que teñen alcanzado unha estabilidade no seu proceso terapéutico e que necesitan dun recurso deste tipo para progresar na súa incorporación social, sendo o obxectivo principal a adaptación do usuario ó medio social a través dun programa de residencia temporal nunha vivienda normalizada coa supervisión de profesionais.

O seguimento da evolución dos usuarios realízase de forma coordinada xunto cos terapeutas de referencia das unidades asistenciais de drogodependencias da área de Vigo.

I.2. A “FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN” é unha entidade sen ánimo de lucro que pretende facilitar atención e a incorporación sociolaboral de persoas en risco ou situación de exclusión social e desenvolve, entre outros, un programa de intervención dirixido a grupos de poboación en situación de exclusión social que leva en funcionamento desde o ano 2006 e que ten por obxecto detectar poboacións ocultas de drogodependentes con vulnerabilidade ou en situación de risco, ampliar a cobertura de atención de rúa, reducir ou limitar danos socio sanitarios e mellorar a información e o acceso cara ós recursos asistenciais.

I.3. O 21.03.2023 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO COA “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS” E COA “FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES E DUN PROGRAMA DE REDUCCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO (*“PROGRAMA SEREOS”*) – ANOS 2023-2025», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 16.03.2023 (Exp. nº 2936/315).

I.4. Na súa Estipulación Segunda estableceuse o seguinte:

*«O Concello de Vigo (...) comprométese a conceder directamente á Asociación Érguete e á Fundación Érguete-Integración, unha subvención para cada un dos exercicios de 2023, 2024 e 2025, por un importe de 57.000€/ano co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes e do Programa SEREOS.*

*En concreto, destinarase durante o periodo 2023-2025 a cantidade de 45.000€/ano ó desenvolvemento do programa de pisos de apoio da Asociación Érguete e 12.000€/ano á execución do Programa SEREOS da Fundación Érguete-Integración.*

*As achegas correspondentes a futuros exercicios (2024 e 2025) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e, loxicamente, tamén ó cumprimentos dos obxectivos fixados».*

I.5. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2024, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.12.2023 (Exp. nº 80/142; BOPPO nº 249, do 29.12.2023), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.00 (– *“CONV. ERGUETE ALOXAMENTO ALTERNATIVO E PRO.SEREOS”*), un importe de 65.151,00€, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio

I.6. Con ese incremento da contía da subvención (+8.151,00€) preténdese facer fronte, alomenos parcialmente, ó incremento xeral de prezos experimentado nos últimos anos (alimentos, enerxía, etc.).

I.7. As cantidades correspondentes ó 50% de cada pagamento quedan do seguinte xeito:

| ENTIDADE | PROGRAMA | IMPORTE TOTAL | ENTIDADE 50% |
|---|---|---|---|
| ASOCIACIÓN ÉRGUETE - PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS | *“PROGRAMA DE PISOS DE APOIO ”* | 51.435€/ano | ASOCIACIÓN ÉRGUETE - PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS |
| | | | 25.717,50€ |
| FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN | *“PROGRAMA SEREOS”* | 13.716€/ano | FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN |
| | | | 6.858€ |
| IMPORTE ANUAL CONVENIO | | 65.151€/ano | 32.575,50€ (50%) |

Por todo o anteriormente exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar, co contido indicado, unha Addenda ó Convenio de colaboración coa “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS” e a “FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN”», que afecta exclusivamente á Estipulación Segunda.

I.8. De acordo co previsto na súa Estipulación Quinta: «*Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente Addenda*».

I.9. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.10. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), esta Addenda deberá ser sometida a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Base nº 40.3), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

I.11. Como queira que os compromisos económicos asumidos en virtude deste Convenio modificado pola Addenda en cuestión non superan os 600.000€, non será necesaria a súa remisión electrónica ó Tribunal de Contas ou ó órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das

facultades que teñen legalmente atribuídas para reclamar cantos datos, documentos e antecedentes estimen pertinentes (Art. 53 LRXSP), como así se recollía xa no Convenio aprobado o 16.03.2023.

I.12. A competencia para aprobar a Addenda ó precitado Convenio e, previamente, o gasto que representa, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo, de acordo co Art. 127.1.g) da LRBRL, Art. 31 da LSG e coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coas Resolucións do 20.06.2023 (Apdo. Primeiro, Pto. j]) e do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO n.º 136, do 14.07.2023).

I.13. A súa sinatura corresponde ó Alcalde – Presidente da Corporación (Arts. 124.4.a] LRBRL e 61.1.a] LALGA) e, por delegación súa, á Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo (Resolución da Alcaldía – Presidencia do 20.06.2023, de delegación de competencias xenéricas en concelleiros de Área de goberno e concelleiros delegados; Apdo. Primeiro, Pto. j]; BOPPO nº 124, do 28.06.2023 e Base nº 40.2).

I.14. O preceptivo informe xurídico (Base nº 40.3 das de execución do orzamento xeral) dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

## II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á ADDENDA ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO COA “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS” E COA “FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES E DUN PROGRAMA DE REDUCCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO (*“PROGRAMA SEREOS”*) – ANOS 2023-2025», co texto que a seguir se transcribe.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe total de 130.302,00 (CENTO TRINTA MIL TRESCENTOS DOUS EUROS) para os exercicios de 2024 e 2025. O gasto correspondente a 2024, que é de 65.151,00€, imputarase á aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.00 – *“CONV. ERGUETE ALOXAMENTO ALTERNATIVO E PRO.SEREOS”*. A achega correspondente ó exercicio de 2025 (outros 65.151,00€) estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar este acordo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (**http://transparencia.vigo.org**) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA Ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO COA "ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS" E COA "FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN" PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES E DUN PROGRAMA DE REDUCCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO (*"PROGRAMA SEREOS"*) – ANOS 2023-2025».

En Vigo, na data da sinatura electrónica

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, Dª Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local, Dª Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

Dª. Mª del Carmen Avendaño Otero, con DNI nº 35.956.947-N, Presidenta da "ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS", CIF nº G-36.642.726 e da "FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN", CIF nº G-36.861.078, con enderezo social común na Avda. Martínez Garrido, nº 21, interior (CP 36205 Vigo).

INTERVEÑEN

Dª. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coa Resolución do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO n.º 136, do 14.07.2023).

Dª. Mª del Carmen Avendaño Otero, actuando en representación da Asociación "ÉRGUETE" e da Fundación "ÉRGUETE-Integración", segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada ó expediente nº 2936/315 (2023), asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

Dª. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización da presente Addenda e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I. O 21.03.2023 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO COA "ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS" E COA "FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN" PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES E DUN PROGRAMA DE REDUCCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO (*"PROGRAMA SEREOS"*) – ANOS 2023-2025», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 16.03.2023 (Exp. nº 2936/315).

II. O obxecto dese Convenio de colaboración era a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor de "ÉRGUETE" para a realización da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes e do Programa SEREOS.

III. Na súa Estipulación Segunda estableceuse o seguinte:

*«O Concello de Vigo (...) comprométese a conceder directamente á Asociación Érguete e á Fundación Érguete-Integración, unha subvención para cada un dos exercicios de 2023, 2024 e 2025, por un importe de 57.000€/ano co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes e do Programa SEREOS.*

*En concreto, destinarase durante o periodo 2023-2025 a cantidade de 45.000€/ano ó desenvolvemento do programa de pisos de apoio da Asociación Érguete e 12.000€/ano á execución do Programa SEREOS da Fundación Érguete-Integración.*

*As achegas correspondentes a futuros exercicios (2024 e 2025) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e, loxicamente, tamén ó cumprimentos dos obxectivos fixados».*

IV. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2024, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.12.2023 (Exp. nº 80/142; BOPPO nº 249, do 29.12.2023), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.00 (– *"CONV. ERGUETE ALOXAMENTO ALTERNATIVO E PRO.SEREOS"*), un importe de 65.151,00€, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

V. En efecto, a teor do previsto na súa Estipulación Quinta: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente Addenda»*.

Tendo en conta o anteriormente exposto as partes,

ACORDAN

«PRIMEIRO: Modificar a Estipulación Segunda do «CONVENIO DE COLABORACIÓN DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO COA "ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS" E COA "FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN" PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES E DUN PROGRAMA DE REDUCCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO (*"PROGRAMA SEREOS"*) – ANOS 2023-2025», que quedará coa seguinte redacción:

*«O Concello de Vigo (...) comprométese a conceder directamente á Asociación Érguete e á Fundación Érguete-Integración, unha subvención para os exercicios de 2024 e 2025, por un importe de 65.151,00€/ano co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes e do Programa SEREOS.*

*En concreto, destinarase durante o periodo 2024-2025 a cantidade de 51.435,00€/ano ó desenvolvemento do programa de pisos de apoio da Asociación Érguete e 13.716,00€/ano á execución do Programa SEREOS da Fundación Érguete-Integración.*

*A achega correspondente ó exercicio de 2025 (último ano de vixencia do Convenio), outros 65.151,00€, estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e, loxicamente, tamén ó cumprimentos dos obxectivos fixados».*

SEGUNDO: O réxime de pagamentos será semellante ó establecido na Estipulación Sétima do Convenio subscrito en 2023, pagándose o 50% (Asoc. Érguete: 25.717,50€ - Fund. Érguete: 6.858€) logo da asinatura da Addenda e o 50% restante unha vez xustificados os gastos realizados ata o 01 de novembro do correspondente exercicio. Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente unha declaración responsable de que non está incursa en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

TERCEIRO: A presente Addenda estará en vigor durante a vixencia que resta do Convenio».

E en proba de conformidade, as partes asinan esta Addenda, por duplicado exemplar, na data expresada no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno local, dou fe.

**6(80).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E A XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS. EXPTE.11048/320.**

Visto o informe de fiscalización de data 09/02/2024, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 08/02/2024, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto de servizos de mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos Centros Municipais de Distrito (CMDs) e a prestación dos servizos técnicos e de mantemento do equipamento audiovisual e maquinaria escénica e de seguridade, do auditorio do Centro Municipal de Distritos de Tei (11048-320)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 29 de setembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"1º Aprobar o expediente de contratación (11048/320) por procedemento aberto de tramitación ordinaria dos "SERVIZOS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E A XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS".*

*2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 09/06/2023 e o prego de cláusulas administrativas de 28 de agosto de 2023, que rexerán a contratación do "SERVIZOS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E A XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS".*

*3º.- Aprobar o gasto de 109.552,32 € para a contratación dos "SERVIZOS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E A XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS" con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279905 do vixente orzamento do concello de Vigo do ano 2023, distribuidos do xeito seguinte:*

| | *Ano 2023* | *Ano 2024* | *Ano 2025* | *Aplicación orzamentaria* |
|---|---|---|---|---|
| *Lote 1* | *8.348,51 €* | *33.394,03 €* | *25.045,52 €* | *9240 2279905* |
| *Lote 2* | *5.345,53 €* | *21.382,12 €* | *16.036,60 €* | *9240 2279905* |
| *Total* | *13.694,04 €* | *54.776,16 €* | *41.082,12 €* | |

*4º Abrir o  procedemento de licitación na forma legalmente establecida.”*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 15 de xaneiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e a xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos na seguinte orde descendente:*

*- Lote 1:*

| | Licitador | Puntuación |
|---|---|---|
| 1 | APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO, S.L., | 100 |
| 2 | EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L. | 55,31 |

*- Lote 2:*

| | Licitador | Puntuación |
|---|---|---|
| 1 | APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO, S.L., | 100 |

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO, S.L. (Lotes 1 e 2), o día 16 de xaneiro de 2024, que presenta a documentación requirida o 22 de xaneiro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE) no que figura a constitución

da empresa e o nomeamento do apoderado, así como a declaración de no estar incursa en prohibición de contratar e as contas anuais dos últimos anos.

- Declaración de vixencia dos datos que figuran no ROLECE.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (23.375,82 €), figuran, no ROLECE, as contas do ano 2022, nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (23.375,82 €), presenta certificación do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local no que figuran prestacións realizadas cun importe total, para o ano 2023, superior á cantidade citada
- Resgardos de ingresos dos importes das garantías definitivas do Lote 1 (1.904,40 €) e o Lote 2 (1.695,82 €), figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.
- Declaración xurada acreditativa dos medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato reflectidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 8 de febreiro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**<u>FUNDAMENTOS XURÍDICOS</u>**

| | | **TOTAL COMISIÓN DE SELECCIÓN** | **6** | **134,61 €** | **269,22 €** | | |

**Asesores/as técnicos/as:**

| PROCESO DE SELECCIÓN DO EQUIPO TÉCNICO DO O.E. FORMAWEB V | | | | | | 1º PROCESO (EQUIPO DIRECTIVO) | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Asistencias | Dietas | | CONSTITUCIÓN E ENTREVISTA PERSOAL | BAREMACIÓN |
| **Membros asesores técnicos** | **DNI** | **Nome e apelidos** | **Categoría 1ª** Equipo directivo | Importe Categoría 1ª | TOTAL | **22/09/23** | **26/09/23** |
| Asesora especialista | 36096763B | Ana Mª Mouriz Martínez | 2 | **42,83 €** | **85,66 €** | **1** | **1** |
| Asesora especialista | 36126223P | Sonia María Martínez Alonso | **2** | **42,83 €** | **85,66 €** | **1** | **1** |
| | | **TOTAL ASESORES** | **4** | **85,66 €** | **171,32 €** | | |

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(85).- ABOAMENTO DE AXUDAS DE CUSTO POR ASISTENCIAS Á COMISIÓN DE SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA IX. 20617/77.**
Visto o informe de fiscalización de data 09/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 10/01/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I.- No DOG Núm. 85 do xoves, 4 de maio de 2023, consta publicada a Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A).
Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023-2024.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 01 de xuño de 2023, acordou aprobar o proxecto de obradoiro de emprego dual "VIGO CAPACITA IX", elaborado polo Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 20085-77) e presentar a solicitude da axuda que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 02/06/2023.

III. Con data do 17 de outubro de 2023, recíbese a notificación da concesión da resolución da xefatura territorial de Vigo da consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, concedendo a subvención solicitada, por importe total de 531.046,20€, para a realización do proxecto de obradoiro de emprego dual "VIGO CAPACITA IX" (Nº de expte. TR353A 36/00022/2023), ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A). Unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de **531.046,20€** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado "VIGO CAPACITA IX" para 20 alumnos/as traballadores/as distribuídos nas especialidades formativas de Cociña e Servizos de Restaurante (ámbolos dúas de nivel 2). Ademáis, concédese, se é ocaso, unha subvención de 30.000,00€ para incentivos á contratación temporal.

IV. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E ORIENTACIÓN remitiu, por correo electrónico o 04 de agosto de 2023, Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego (Convocatoria 2023-24), de data 14 de xuño de 2023, para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego.

A entidade promotora, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación. Así mesmo, as devanditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos nas correspondentes ordes de convocatoria e instrucións. A entidade promotora deberá establecer as normas de constitución e funcionamento do órgano de selección correspondente.

VI. A través do expediente 20542/77 a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 27 de outubro de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

1. **Aprobar as bases de selección** do ALUMNADO-TRABALLADOR do obradoiro dual de emprego **VIGO CAPACITA IX** (cofinanciado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, conforme á resolución da xefatura territorial de Vigo da consellería da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2023 (publicada no DOG do 04/05/2023) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A), polo importe de **531.046,20€** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado e, se é ocaso, dunha subvención de 30.000,00€ para incentivos á contratación temporal.

2. **Encomendar á** Terceira Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, as sucesivas actuacións que se desenvolvan na tramitación e xestión do proceso de selección do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA IX.

3. **Aprobar a composición da Comisión de Selección** do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego **VIGO CAPACITA IX:**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Presidenta | Carla Candia Paz | Funcionaria | A1 | Xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local |
| Secretaria | Mª Cristina Gago Alonso | Funcionaria | C2 | Auxiliar Administrativa |
| Vogal | Rosa Mª Otero Malvárez | Funcionaria | A2 | Técnica de xestión |
| | Mª José Loureiro Bada | Funcionaria | A1 | Xefa do servizo de Educación |
| | Pedro Mª Vázquez Iglesias | Funcionario | A2 | Técnico Medio Actividades Culturais e Educativas |
| Persoal de apoio | Ana Mª Mouriz Martinez | Laboral | A1 | Coordinadora do Plan Municipal de Emprego |
| | Sonia Mª Martínez Alonso | Laboral | A2 | Orientadora Laboral/Técnica de emprego |

X. Con data 20/11/2023, se aprobou a acta final da selección establecéndose a orde de prelación das persoas seleccionadas e a listaxe de reserva das suplentes.

En base ás consideracións expostas, unha vez rematado o proceso selectivo e de acordo coas actas asinadas pola Secretaria e o resto dos compoñentes da Comisión de Selección, trala publicación na páxina web municipal, dos anuncios cos resultados provisionais e definitivos do proceso determínase a relación de perceptores das devanditas asistencias á Comisión de selección de do ALUMNADO TRABALLADOR do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA XI que deseguido se relacionan e, polo concepto que se indica:

| | | | | | | PROCESO (alumnado-traballdor) | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Asistencias | Dietas | | CONSTITUCIÓN E ENTREVISTA PERSOAL | BAREMACIÓN |
| Membros dos tribunais e asesores técnicos | DNI | Nome e apelidos | Categoría 3ª Alumno-Traballador | Importe Categoría 3ª | TOTAL | 16/11/23 | 20/11/23 |
| Asesora especialista | 36096763B | Ana Mouriz Martínez | 2 | 36,72 € | 73,44 € | 1 | 1 |
| Asesora especialista | 36126223P | Sonia María Martínez Alonso | 2 | 36,72 € | 73,44 € | 1 | 1 |
| | | TOTAL ASESORES | 4 | 73,44 € | 146,88 € | | |
| Presidenta. | 77597450G | Carla Candia Paz | 2 | 39,78 € | 79,56 € | 1 | 1 |
| Secretaria | 36060539N | Cristina Gago | 2 | 39,78 € | 79,56 € | 1 | 1 |
| | | TOTAL PRESIDENTA/SECRET. | 4 | 79,56 € | 159,12 € | | |
| Vogal | 76965736P | Rosa María Otero Malvárez | 2 | 39,78 € | 79,56 € | 1 | 1 |
| | | TOTAL VOGAIS | 2 | 39,78 € | 79,56 € | | |
| | | TOTAL COMISIÓN DE SELECCIÓN | 10 | 192,78 € | 385,56 € | | |

O importe total de dietas polos compoñentes da Comisión de Selección supón a cantidade de **385,56** €.

O importe total dietas dos/as asesores técnicos, supón a cantidade de **146,88 €.**

| | | | | | | PROCESO (alumnado-traballdor) | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Asistencias | Dietas | | CONSTITUCIÓN E ENTREVISTA PERSOAL | BAREMACIÓN |
| Membros dos tribunais e asesores técnicos | DNI | Nome e apelidos | Categoría 3ª Alumno-Traballador | Importe Categoría 3ª | TOTAL | 16/11/23 | 20/11/23 |
| Asesora especialista | 36096763B | Ana Mouriz Martínez | 2 | 36,72 € | 73,44 € | 1 | 1 |
| Asesora especialista | 36126223P | Sonia María Martínez Alonso | 2 | 36,72 € | 73,44 € | 1 | 1 |
| | | TOTAL ASESORES | 4 | 73,44 € | 146,88 € | | |

O gasto por importe de **385,56** € (**238,68** € de compoñentes da comisión e **146,88** € de Asesores Técnicos), abonarase con cargo á aplicación orzamentaria **2410.2330000** de “Dietas tribunais” e financiar o gasto con cargo á bolsa de vinculación no exercicio 2024, o que non altera o normal funcionamento do servizo.

**PROPOSTA**

A vista do exposto, de conformidade con previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, e das competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude Dona Elena Espinosa Mangana nos termos das delegacións

competenciais efectuadas en data 19/06/2023, sométese á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

1. Comprometer o gasto de **385,56 €**., que se executará con cargo a aplicación orzamentaria **2410.2330000** de "Dietas tribunais".

2. Abonar as cantidades que se indican a continuación aos preceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto de asistencias á Comisión de selección do ALUMNADO TRABALLADOR do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA XI:

**Comisión de selección :**

| | | | | | | PROCESO (alumnado-traballdor) | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Asistencias | Dietas | | CONSTITUCIÓN E ENTREVISTA PERSOAL | BAREMACIÓN |
| Membros dos tribunais e asesores técnicos | DNI | Nome e apelidos | Categoría 3ª Alumno-Traballador | Importe Categoría 3ª | TOTAL | 16/11/23 | 20/11/23 |
| Presidenta. | 77597450G | Carla Candia Paz | 2 | 39,78 € | 79,56 € | 1 | 1 |
| Secretaria | 36060539N | Cristina Gago | 2 | 39,78 € | 79,56 € | 1 | 1 |
| | | TOTAL PRESIDENTA/SECRET. | 4 | 79,56 € | 159,12 € | | |
| Vogal | 76965736P | Rosa María Otero Malvárez | 2 | 39,78 € | 79,56 € | 1 | 1 |
| | | TOTAL VOGAIS | 2 | 39,78 € | 79,56 € | | |
| | | TOTAL COMISIÓN DE SELECCIÓN | 6 | 119,34 € | 238,68 € | | |

**Asesores/as técnicos/as:**

| | | | | | | PROCESO (alumnado-traballdor) | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Asistencias | Dietas | | CONSTITUCIÓN E ENTREVISTA PERSOAL | BAREMACIÓN |
| Membros dos tribunais e asesores técnicos | DNI | Nome e apelidos | Categoría 3ª Alumno-Traballador | Importe Categoría 3ª | TOTAL | 16/11/23 | 20/11/23 |
| Asesora especialista | 36096763B | Ana Mouriz Martínez | 2 | 36,72 € | 73,44 € | 1 | 1 |
| Asesora especialista | 36126223P | Sonia María Martínez Alonso | 2 | 36,72 € | 73,44 € | 1 | 1 |
| | | TOTAL ASESORES | 4 | 73,44 € | 146,88 € | | |

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(86).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS PERÍODO 2022-2023. EXPTE. 9712/335.**
Visto o informe xurídico do 26/01/2024 e o informe de fiscalización do 06/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 25/01/2024, asinado polo enxeñeiro municipal e conformado polo concelleiro da Área de Goberno (Resolución de Alcaldía de data 23/01/24), que di o seguinte:

Con data 11 de maio de 2023 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2022 – 2023 (expte. 9712/335). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 239.000,00 € con cargo a partida 3380.489.0000 (Transf. a entidades e comisións de festas"do programa de Festas para o vixente exercicio.

Con data, 18 de maio de 2023 foron publicadas no BOOPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do Servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2022 - 2023. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOOPO, (20 de xullo de 2022) sendo o inicio o 23 de xuño e o remate o 13 de xullo de 2023, ambos os dous incluídos.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas, que unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base oitava (instrución) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

Unha vez rematada a instrución do expediente, foi remitido á Comisión de Avaliación que se reúne ás 09:00 horas do día 11 de decembro de 2023 na planta segunda do Concello de Vigo, e que está integrada polo Concelleiro Delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, D. Ángel Rivas González que actúa como presidente; e por D. Álvaro Crespo Casal como vogal e Antía Mosquera González como secretaria.

Achégase neste expediente a acta da antedita Comisión de Avaliación asinada con data 18 de decembro que leva anexa a folla de cálculo co detalle das puntuacións e dos importes concedidos recollidos nos informes individuais de cada expediente de solicitude realizados polo Enxeñeiro Municipal (Resolución de traslado da concellería delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 22/09/22) Álvaro Crespo Casal, e posteriormente revisados pola Comisión de Avaliación.

Figura en cada expediente o informe individual de cada entidade solicitante previamente polo Instrutor de expediente. Compróbase ademais que as entidades cumpren cos requisitos necesarios para acceder ás subvencións, segundo a información achegada polas mesmas no prazo estabelecido na convocatoria.

Faise constar que, de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que todos os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Dado o retraso producido na tramitación e posterior aprobación da resolución de concesión das presentes bases de subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, gastronómicas e actividades socioculturais, período 2022-2023 (expte. 9712/335), é necesario modificar o prazo de presentación da documentación por parte das entidades solicitantes, para que éstas, podan xustificalo de xeito favorable.

Á vista do exposto, e de acordo co estabelecido na base oitava, punto 5 das bases, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade do concelleiro de Participación Cidadá e Festas faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA:**

**PRIMEIRO:** Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, a entidade solicitante será requirida mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente."

Procédese a revisión da documentación presentada polas entidades solicitantes, acordando:

- Entender desistidas da súa solicitude ás entidades que a continuación se relacionan:

| EXPTE | NOME DA ENTIDADE | CIF | CAUSA DA DESESTIMACIÓN |
|---|---|---|---|
| 9761-335 | Asoc. Irmandade Festas Patronais de Candeán | G36757003 | Documentación sen subsanar |
| 9849,335 | A. V. del Barrio de la Feria de Cabral | G36729796 | Documentación sen subsanar |
| 9918-335 | CRAC de Coruxo | G36627495 | Documentación sen subsanar |
| 9764-335 | Asociación Irmandade Nosa Sra. da Alba | G36887933 | Documentación sen subsanar |
| 9853-335 | Asociación Comisión de Festas dos Ramallos | G36878395 | Documentación sen subsanar |
| 9875-335 | Ateneo Musical de Bembrive | G36784197 | Documentación sen subsanar |
| 9876-335 | Asoc. S. CDR Helios de Bembrive | G36633428 | Documentación sen subsanar |
| 9877-335 | asociación Coral Polifónica Anduriña | G36898708 | Documentación sen subsanar |
| 9881-335 | Asociación Veciñal Socio-Cultural e Deportiva de San Miguel de Oia | G36648640 | Documentación sen subsanar |
| 9893-335 | Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candeán | G36863348 | Documentación sen subsanar |
| 9910-335 | Asociación Unión Musical de Valladares | G36639110 | Documentación sen subsanar |
| 9911-335 | Asoc. V.S.C.D. O Freixo | G36654184 | Documentación sen subsanar |
| 9916-335 | Asoc. Veciños de San Pedro de Sárdoma | G36649325 | Documentación sen subsanar |
| 9917-335 | Lideiras Asoc. Cultural | G67674598 | Documentación sen subsanar |

- Desestimar da súa solicitudes as que se refiren a base novena das Bases reguladoras, sendo a relación de solicitudes a seguinte**:**

| EXPTE | NOME DA ENTIDADE | CIF | CAUSA DA DESESTIMACIÓN |
|---|---|---|---|
| 9883-335 | The Wild | G27867076 | Incumpre as bases 9,2, f |
| 9762-335 | Asociación Cultural Traspes (Cursiño de baile tradicional) | G27739861 | Incumpre as bases 9,2, d |

**SEGUNDO:** Tendo en conta os gastos subvencionabeis estabelecidos na base segunda da convocatoria, a Comisión de Avaliación procede primeiro á avaliación das solicitudes que

optaron ao **concepto subvencionábel 1.- Festas tradicionais e patronais, gastronómicas e festivais folclóricos:**

**1.1. Festas de especial interese no ámbito urbano** cunha antigüidade de mais de 50 e un presuposto superior a 60.000€**, cunha asignación fixa de 18.000 €:**.

Non se presenta ningunha entidade.

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.1**:** 0,00 €

**1.2. Festas patronais en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual)**

a) cunha antigüidade de máis de 50 anos e que teñan un orzamento superior a 60.000,00 €, **asignación fixa de 18.000,00 €.**

| Expte. | Nome da Entidade | CIF | Programa |
|---|---|---|---|
| 9796-335 | Hermandad de Devotos de San Roque | G36763225 | Romaria de San Roque |
| 9854-335 | Asociación Irmandade de Santa Ana Beade | G36648095 | Festas Patronais na honra de Santa Ana |
| 9869-335 | Irmandade de San Campio | G36840940 | Festas Patronais San Campio |
| 9871-335 | Asoc.Cultural Hermandad Fiestas Dolores | G36846921 | Festas das Dores de Cabral |
| 9884-335 | Asoc. Comisión Fiestas Virgen de los Afligidos | G36790228 | Festas Patronais da Virxe dos Aflixidos |

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.2,A)**:** 90.000,00 €

b) cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000,00 €, **asignación fixa de 12.000,00 €.**

| Expte. | Nome da Entidade | CIF | Programa |
|---|---|---|---|
| 9870-335 | Asoc. Cult. Hdad Fiestas Sta Marina-Cabral | G36837425 | Festas Patronais Sta Mariña – Cabral |
| 9874-335 | Asoc. Irmandade Nosa Sra. das Neves-Matamá | G36954162 | Festas Patronais Nosa Sra. das Neves |
| 9880-335 | Hermandad de Fiestas Patronales San Blas e Santiago de Bembrive | G36705036 | Festas Santiago Apostol |
| 9887-335 | Asoc de Veciños del Calvario | G36648293 | Festa da Alegría 2023 |
| 9892-335 | Asoc. Cult. San Miguel Arcanxo Festas | G27745917 | Festas Patronais San Miguel de Oia |
| 9897-335 | Asociación Fiestas de San Lorenzo | G36401688 | Festas de San Lorenzo |

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.2,B): 72.000,00 €

c) cunha antigüidade de máis de 15 anos e que teñan un orzamento superior a 10.000,00 €, **asignación fixa de 4.000,00 €.**

| Expte. | Nome da Entidade | CIF | Programa |
|---|---|---|---|
| 9768-335 | Asociación Cultural de Beiran | G27818905 | Festas patronais Nosa Sra. Da Soidade |
| 9770-335 | Asociación de Cultura e Festas de Castrelos | G36717973 | Festa das Candelas e San Brais |
| 9771-335 | Asoc. S. de Festas Virxe do Carme de Coruxo | G36723229 | Festa Patronais Virxe do Carme |
| 9879-335 | Asoc. Festas a Paloma da Garrida- Valladares | G36962389 | Verbena da Pomba |
| 9882-335 | Asoc. Festas del Rosario | G36710689 | Festas do Rosario |
| 9894-335 | Comi. de Festas Nosa Sra. das Neves a Guia | G36731404 | Festas da Guia |
| 9891-335 | Irmandade de Festas de Santa Cristina de Lavadores AC | G729336107 | Festas Patronais Sta Cristina de Lavadores |

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.2.C)**:** 28.000,00 €

**1.3. Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias** que teñan unha antigüidade de máis de 15 anos, **asignación fixa de 4.000,00€**

| Expte. | Nome da Entidade | CIF | Programa |
|---|---|---|---|
| 9851-335 | Centro Recreativo y Cultural de Cabral – Vigo | V36658680 | XXXV Romeria do Pan de Millo |
| 9878-335 | Asoción Cultural O Coto | G36627941 | XXXV Festa do Cabazo |
| 9912-335 | Asoc. de Veciños de Beade AVCU-CSCR | G36632081 | Festa – Feira da Cereixa |

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.3): 12.000,00 €

O importe total concedido ao concepto subvencionábel 1.- Festas tradicionais e patronais, gastronómicas e festivais folclóricos ascende **a 202.000,00€**

**TERCEIRO**: Unha vez finalizada a avaliación das solicitudes que optaron ao concepto subvencionabel 1. O saldo restante **(37.000,00 €)** distribuirase entre as solicitudes que optaron aos conceptos subvencionábeis 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas:

2.1.-Proxectos de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura: O nº máximo de programas a presentar será de DOUS (2).

2.2.- Proxectos de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias: O número máximo de programas a presentar será de DOUS (2).

**CUARTO**: Tendo en conta os gastos subvencionabeis establecidos na base segunda da convocatoria, a Comisión de Avaliación procede primeiro á avaliación das solicitudes que optaron ao **concepto subvencionábel Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas**

2.1.-Programas de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura.

O número máximo de festas, programas ou actividade a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar será de DOUS (2).

2.2.- Programas de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias.

O número máximo de programas a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar será de DOUS (2).

| Expte | Entidade | CIF | Programa | importe subv. |
|---|---|---|---|---|
| 9762-335 | Asociación Cultural Traspes | G27739861 | XI Concurso Canto e Percusión Tradic. Traspés | 768,42 € |
| | | | XII Serán Traspés | 739,42 € |
| | | | Festa fin de curso Traspés | 463,95 € |
| 9763-335 | Sociedad Cultural e Deportiva Atlántida de Matamá | G36620854 | Festifolc 2022 | 927,90 € |
| | | | Festa do Socio 2023 | 855,41 € |
| 9765-335 | Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro | G27762434 | Baile Moderno | 521,94 € |
| | | | Encontro de Teatro | 521,94 € |
| 9766-335 | Agrup. Centros Culturais do Concello de Vigo | G36791291 | Encontro Folclórico | 884,40 € |
| | | | Festival infantil | 869,91 € |
| 9767-335 | Asociación Veciñal Emilio Crespo de Navia | G36648608 | Noite de San Xoán | 652,43 € |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 9844-335 | Asociación de Pandereteiras Urdime | G27797448 | Encontro de Pandereteiras 2023 | 608,93 € |
| 9846-335 | Asociación de Veciños de San Roque | G36659894 | Festa das Castañas (Magosto) | **585,00 €** |
| 9847-335 | Asociación Cultural e Deportiva Val do Fragoso | G36640860 | Noite de San Xoan | 521,94 € |
| 9848-335 | Asoc Cultural e Deportiva Xestas | G36628543 | Festas de San Xoan | 739,42 € |
| 9850-335 | Asoc Cultural e Deportiva Xestas | G36628543 | XXXIII Certamen Festa da Tortilla e Churras-co | 884,40 € |
| 9851-335 | Centro Recreativo y Cultural de Cabral – Vigo | V36658680 | IX Festa Infantil | 608,93 € |
| 9852-335 | Asociación Cultural As da Industria | G27852755 | San Xoán | 608,93 € |
| | | | Magosto | **500,00 €** |
| | | | Son da Industria – Día das Letras Galegas | 565,44 € |
| 9855-335 | Asoc. Cult. e deportiva San Xurxo de Saiáns | G36648988 | XXXVI Festa da Amizade | 985,89 € |
| 9872-335 | Asoc. Cult. Recreativa S. Mamede de Zamáns | G36691855 | Festa do Socio | 797,41 € |
| 9874-335 | Asoc. Irmandade Nosa Sra. das Neves-Matamá | G36954162 | Festa do Carballo / Empanada | 840,91 € |
| | | | Festa do Entroido | 695,92 € |
| 9885-335 | Asociación Sforza Bembrive | G06929418 | Achegate a Banda | 695,92 € |
| 9886-335 | Asoc. Cultural Abella Producións | G27877703 | Pequefreak 2023 | 666,93 € |
| 9890-335 | Centro Cultural Artístico e Recreativo de Valladares | G36617082 | Memorial Moxenas | 971,39 € |
| | | | Celebrando a cultura e as letras Galegas | 869,91 € |
| | | | XXXI Certame de Rondallas de Valladares | 898,90 € |
| | | | XVIII Serán de Valladares | 884,40 € |
| 9895-335 | Asociación Veciños de Parada-Maceiriña | G36655942 | Serán Popular | 579,94 € |
| | | | Magosto Popular | 652,43 € |
| 9896-335 | Asoc. Veciñal Cultura e Deportiva de Cabral | G36651073 | Fogueira de San Xoán | 782,92 € |
| | | | XXXII Festa do Socio | 840,91 € |
| 9898-335 | Asoc. de Veciños Monte da Mina de Castrelos | G36623593 | Festa da Convivencia | 913,40 € |
| 9899-335 | Asociación Cultural “Xarabal” | G36884864 | Serán Popular | 681,43 € |
| | | | Magosto Popular | 681,43 € |
| 9900-335 | Asoc. Veciños San Pedro de Matamá la Unión | G36654036 | Festa de San Xoán | 681,43 € |
| | | | Festival Folclórico San Amaro | 927,90 € |
| 9901-335 | Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello | G36645885 | Festa Dramatizada do Maios | 913,40 € |
| | | | Festa Tradicional do Samain | 913,40 € |
| 9902-335 | Asoc. Veciñal Cultural e Deportiva de Sampaio | G36648103 | Festa de San Xoan | 710,42 € |
| 9912-335 | Asoc. Veciños de Beade AVCU-CSCR | G36632081 | Festival Folclórico | **834,00 €** |
| | | | Beade Dinámica | 1.116,38 € |
| 9913-335 | Asoc. Folclórica e Cultural O Fiadeiro | G36812204 | IV Festival Baile Moderno | 739,42 € |
| 9914-335 | Asoc. Cultural Galicia Fiddle | G94084456 | Microconcertos Galicia Fiddle | 565,44 € |
| 9915-335 | Asoc. Veciñal Novo Vigo | G27771195 | Encontro Foliadeiro | 956,90 € |
| | | | Noite de San Xoan | 594,44 € |
| 9919-335 | Asoc. Veciños Nosa Terra de Alcabre | G36649374 | Fogueira San Xoan 2023 | 768,42 € |
| 9920-335 | Asoc. Veciños Praza da Miñoca | G36842284 | Chourizada de San Xoan | 666,93 € |
| | | | **Total** | **36.657,24 €** |

O importe total concedido ao concepto subvencionábel Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas ascende a 36.657,24 €

**QUINTO:** Procédese a completar a documentación incorporando ao expediente de cada solicitante proposto como beneficiario os certificados acreditativos de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa AEAT, coa Xunta de Galicia, coa Seguridade Social e co

Concello de Vigo de conformidade co artigo 22 RD 887/2006 con carácter positivo e vixente, polo que faise necesaria a tramitación desta subvención como expediente prorrogado ao non concretarse o compromiso orzamentario no ano do seu inicio e executándose con cargo aos orzamento do ano 2024.

**SEXTO:** Modificar a cláusula décimo terceira das das bases.- Prazo e forma de xustificación e pagamento:

*"En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) as entidades beneficiarias están obrigadas a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.*

*Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org*

*No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a emenda.*

*A beneficiaria, deberá xustificar antes do **29 de febreiro de 2024** o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos"*

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 13(87).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN ARQUIA PARA A CELEBRACIÓN DO FESTIVAL DE ARQUITECTURA URBANA "TAC!". EXPTE. 11807/307.

Visto o informe xurídico do 07/02/2024 e o informe de fiscalización do 08/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 06/02/2024, asinado pola xefa do servizo de Patrimonio histórico e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.- "**TAC!" é un festival anual, organizado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana en colaboración coa Fundación Arquia, que promove a innovación e experimentación na arquitectura a través da construción dun pavillón temporal en diferentes cidades da xeografía española. O Festival une a arquitectura contemporánea, a práctica nova, a reflexión sobre o urbano e o social mediante encontros e actividades culturais en torno ao pavillón que dialogarán coa cidadanía.

O Concello de Vigo presentou candidatura á convocatoria lanzada o 29 de setembro de 2023 polo Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana par acoller o Festival de arquitectura urbana TAC.

O Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana ten seleccionado segundo fallo do xulgado de data 17 de novembro de 2023 ás cidades de Vigo e San Fernando como sés da terceira edición deste festival que se desenvolverá nesta anualidade 2024.

**II.-** A Fundación Arquia segundo Estatuos que regulan o seu funcionamento (versión actualizada a 2022) constituiuse o 23 de maio de 1990 segundo escritura pública outorgada ante o notario Roberto Follía Camps, por acordo da Asamblea xeral Ordinaria da Caja de Arquitectos S.Coop. Celebrada o 28 de xuño de 1988, modificando o seu nome a ARQUIA BANK, S.A no ano 2015.
A Fundación é entidade colaboradora habitual do Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana (en diante MVAU), co que subscribe anualmente diversos convenios de colaboración para levar a cabo proxectos de difusión e promoción da arquitectura en España, entre os que se atopa a iniciativa obxecto do convenio para o desenvolvemento de TAC! Festival de Arquitectura Urbana.

**III.**- Preténdese a través do instrumento axeitado (convenio), detallar os compromisos e circunstancias para desenvolver as actuacións necesarias para levar a cabo a celebración de TAC! Festival de Arquitectura Urbana, a través dun concurso de arquitectura dirixido a arquitectos/as mozos/as coa finalidade de fomentar a innovación e a experimentación na arquitectura, cuxo resultado se materializará mediante a construción dun pavillón que se situará na cidade de Vigo, na localización acordada polas tres partes, MVAU, Fundación Arquia e Concello de Vigo, e que terá unha duración temporal.

**IV.-** A concelleira delegada da Área de goberno de Cultura, medante resolución de data 06.02.2024, encomendou ao Servizo de Patrimonio histórico tódalas xestións organizativas, procedimentais, e desenvolvemento na ciade do Festival TAC .

**V. -** En data 06.02.2024, a Concellería delegada da Área de goberno de Cultura incoa expediente para formalizar un acordo entre a Fundación Arquia e o Concello de Vigo a través da sinatura dun convenio cuxo obxecto será a realización das actuacións necesarias para desenvolver o Festival de Arquitectura Urbana TAC!.

**VI.**- En data 06.02.2024 elabórase memoria xustificativa, na que consta aos efectos do disposto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, análise da necesidade e oportunidade do convenio, o seu su impacto económico, o carácter no contractual da actividade así como o cumprimento do previsto na citada norma.

Así as cousas, partindo do interese público da celebración do TAC! Festival de arquitectura urbana. segundo presentación á convocatoria do MVUA por parte da Concellería da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización lingüística, e para o caso de que a Xunta de Goberno Local ratifique a apreciación do dito interese público, formúlase a esta a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**

**Primeiro**.- Aprobar o convenio a celebrar entre o Concello de Vigo e a Fundación Arquia para o desenvolvemento na cidade do Festival de arquitectura TAC!, que de seguido se transcribe como ANEXO I.

**Segundo.-** Delegar na Concellería delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística o outorgamento, no seu caso, das autorizacións oportunas para construir e desmontar o pavillón efímero que resulte premiado no concurso que convoquen ao efecto a Fundación Arquia mailo MVAU.

**Terceiro.-** Dar conta do acordo aos Departamentos de Seguridade, Tráfico, Festas e Fomento co fin de que colaboren no auxilio requerido pola Concellería da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística para a execución do convenio.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### ANEXO I

En Madrid, a de de 2024

**R E U N I D O S**

Dunha parte, **o Concello de Vigo,** representado por Don **Abel Ramón Caballero Álvarez,** actuando en calidade de alcalde da cidade de Vigo, nomeado na sesión constitutiva do Pleno con data do 17 de xuño de 2023, en exercicio das atribucións conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril de Bases do Réxime Local e polo artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Doutra parte, **Dona María Soledad Candela Alcover,** con DNI 22687983-R, maior de idade, actuando en nome e representación da **Fundación Arquia,** con domicilio en Madrid, rúa Barquillo núm. 6, 1.º Izq., constituída mediante escritura autorizada o día 23 de maio de 1990 polo notario Roberto Follia Camps baixo nº 1280 do seu protocolo, inscrita no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Cultura co nº 167 e con NIF G-59417279, en calidade de Directora e Apoderada da FUNDACIÓN ARQUIA dimana da escritura autorizada polo notario Rubén Perán Sánchez o 6 de agosto de 2019 co número 1.307 do seu protocolo, en diante a Fundación Arquia.

As persoas comparecentes manifestan que as súas facultades non lles foron revogadas, limitadas nin suspendidas e que non variaron as circunstancias de capacidade das súas entidades representadas. Por iso, recoñecéndose ambas as partes reciprocamente a competencia e capacidade legal suficiente e necesaria para formalizar este convenio de colaboración e quedar obrigados nos termos convidos no mesmo, acordan a súa firma e

**EXPOÑEN**

I Que o Concello de Vigo promove prácticas e políticas locais desde unha perspectiva transversal, na que a apropiación do espazo público para colectivos vulnerables, a infancia e as persoas maiores foi e é unha estratexia de cidade que permite profundar nas transformacións urbanas dos últimos anos, baixo os eixos da mobilidade, a estética, a sustentabilidade, a innovación, e a tecnoloxía.

II Que o Concello de Vigo ten a vontade de acoller o pavillón de TAC! Festival de Arquitectura Urbana, presentándose libremente á convocatoria lanzada o 29 de setembro de 2023, en cuxas bases se detallan unha serie de requisitos mínimos esixibles.

III Que a cidade de Vigo, representada polo seu Concello, foi seleccionada como cidade TAC! 2024 entre as propostas presentadas, difundindo este fallo o 17 de novembro de 2023.

IV Que o Concello de Vigo é titular dos terreos nos que se situará temporalmente o pavillón resultado do concurso.

V Que a Fundación Arquia é unha fundación sen ánimo de lucro que, de acordo aos seus estatutos, ten entre os seus obxectivos fundacionais, promover e difundir proxectos de carácter cultural, social, asistencial, profesional e formativo no campo da arquitectura, construción, deseño e urbanismo. Posúe ademais un elevado grao de especialización e recoñecemento na edición de libros, documentais e outros soportes audiovisuais, especializados en materia de arquitectura e urbanismo, contando así mesmo coa experiencia e os medios necesarios para a difusión on-line da arquitectura a través de plataformas web interactivas. Así mesmo, a Fundación vén desenvolvendo desde o ano 2006 o programa arquia/próxima, dirixido ao fomento e apoio de novos arquitectos.

VI Que a Fundación Arquia é entidade colaboradora habitual do Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana (en diante MVAU), co que subscribe anualmente diversos convenios de colaboración para levar a cabo proxectos de difusión e promoción da arquitectura en España, entre os que se atopa a iniciativa obxecto do presente convenio para o desenvolvemento de TAC! Festival de Arquitectura Urbana.

VII Que a Fundación Arquia e o Concello de Vigo comparten o seu interese en levar a cabo a celebración dun concurso de arquitectura que promove a Secretaría Xeral de Axenda Urbana, Vivenda e Arquitectura do MVAU, dirixido a novos arquitectos coa finalidade de fomentar a innovación e a experimentación na arquitectura, e o seu resultado materializarase mediante a construción dun pavillón que se situará na cidade de Vigo, na localización acordada polas tres partes, e que terá unha duración temporal.

En consecuencia, a Fundación Arquia e o Concello de Vigo acordan formalizar o presente convenio de colaboración, conforme as seguintes:

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA. -** OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do convenio é a realización e financiamento das actuacións necesarias para levar a cabo a celebración de TAC! Festival de Arquitectura Urbana, a través dun concurso de arquitectura dirixido a novos arquitectos coa finalidade de fomentar a innovación e a experimentación na arquitectura, e o seu resultado materializarase mediante a construción dun pavillón que se situará na cidade de Vigo, na localización acordada polas partes e que terá unha duración temporal.

**SEGUNDO**. – COMPROMISO DAS PARTES

As dúas partes, no ámbito das súas respectivas competencias, colaborarán de forma permanente en cantos asuntos sexan considerados de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades destas e da actividade que constitúe o obxecto do presente convenio.

Neste sentido, as intencións das partes asinantes para a celebración dun concurso de arquitectura dirixido a novos arquitectos que persegue fomentar a innovación e experimentación na arquitectura a través do deseño e construción dun pavillón temporal concrétanse nos seguintes apartados.

Así mesmo, as partes manifestan a súa intención de proporcionar apoio e información de interese mutuo sobre a realización de todas as actividades preparatorias e de desenvolvemento da actividade programada, no ámbito das súas respectivas competencias.

O **Concello de Vigo** comprométese a:

a **Abonar** á Fundación Arquia o importe sinalado na cláusula Terceira.

b **Designar a un representante** para asistir ás reunións organizativas do concurso, así como a un técnico do Concello que sirva de contacto para os avances loxísticos e organizativos para as fases de preparación de concurso, produción do pavillón, montaxe e desmonte. Este deberá ser un técnico competente encargado de asumir as labores coordinación coa Dirección Facultativa do Pavillón, para resolver as cuestións técnicas que poidan xurdir.

c **Participar na redacción** dos documentos de bases que rexerán o concurso de arquitectura en coordinación coa Fundación Arquia e a Secretaría Xeral de Axenda Urbana, Vivenda e Arquitectura do MVAU.

d **Designar un membro do xurado** que valorará as propostas que se presenten, en coordinación coa Fundación Arquia e a Secretaría Xeral de Axenda Urbana, Vivenda e Arquitectura do MVAU.

e **Dispoñer dunha localización de titularidade municipal** (proposta conxuntamente coa Fundación Arquia e a Secretaría Xeral de Axenda Urbana, Vivenda e Arquitectura do MVAU) onde se situará temporalmente o pavillón, e xestionar a súa ocupación.

f **Achegar a información técnica necesaria** sobre o lugar de implantación da instalación para que poida ser transmitida aos participantes do concurso xunto coas bases que regulen o proceso do concurso.

g **Prover dos servizos de auga e electricidade,** xestionando no seu caso os permisos ou acometidas que sexan necesarios para a montaxe e o uso do espazo.

h **Elaborar e aplicar un proxecto cultural** asociado á instalación que inclúa programación de actividades, actos e eventos que achega de contido ao pavillón durante o tempo que permaneza en activo, entre 3 e 4 semanas. Este proxecto deberá ser informado e validado pola Dirección Artística de TAC!.

i **Realizar os trámites e xestións municipais** que sexan necesarios para a construción do Pavillón e calquera outro elemento/ instalación asociada ao evento, quedando a Fundación Arquia exenta de calquera taxa ou imposto derivado do uso dese espazo público que cede o Concello.

Para estes efectos a Concellería da área de Gobierno de Cultura, Patrimonio Histórico, Igualdade e Normalización lingüística será a responsable de informar e propoñer as autorizacións necesarias para construír o pavillón e no seu caso demais actuacións suxeitas a autorización, comunicación ou declaración responsable.

j **Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil** que cubra as actividades, actos e eventos a celebrar no pavillón durante o tempo de permanencia do mesmo no lugar seleccionado, incluídos a montaxe e desmonte do mesmo.

k **Dispoñer o necesario** para a celebración de posibles reunións, eventos de presentación ou exposicións dos traballos presentados, cedendo para tal fin os seus espazos que reúnan as condicións necesarias para as actividades propostas.

l **Dar difusión** das diferentes fases de TAC! Festival de Arquitectura Urbana na súa web corporativa, RRSS e canles de difusión (físicos ou dixitais).

A **Fundación Arquia,** comprométese a:

a **Xestionar economicamente** todas as actuacións obxecto do convenio.

b **Xestionar integramente** (desde a redacción das bases ata a publicidade do fallo do xurado) **o concurso de proxectos** 'TAC! Festival de Arquitectura Urbana' na súa edición 2024, en colaboración co Concello de Vigo e a Secretaría Xeral de Axenda Urbana, Vivenda e Arquitectura do MVAU, a través da Dirección Artística de TAC!.

c **Coordinar a produción** da proposta de instalación efémera que resulte gañadora do concurso (transporte, montaxe, mantemento e vixilancia e desmonte), en colaboración co técnico designado polo Concello de Vigo a través da Dirección Artística de TAC!.

d **Xestionar e abonar os gastos** de viaxes e aloxamentos do equipo de coordinación e autores.

e **Manter e sufragar o desenvolvemento de marca e web** de TAC! Festival de Arquitectura Urbana.

f **Facerse cargo da produción** gráfica dunha exposición dos participantes no concurso.

g **Dar difusión** da presente colaboración nas súas canles de divulgación (físicos ou dixitais) así como nos seus perfís de RRSS e en todo o material físico ou dixital que se prepare para ese efecto.

h **Incluír o logo** facilitado polo Concello de Vigo na web do evento en calidade de colaborador, así como nos seus perfís de RRSS e en todo o material físico ou dixital que se prepare para ese efecto.

i **Ofrecer dereitos compartidos** do uso das imaxes da instalación efémera e dos materiais audiovisuais e físicos que se xeren no marco da iniciativa.

j **Cooperar** co Concello de Vigo, a través da Dirección Artística de TAC! na elaboración e aplicación do proxecto cultural asociado á instalación e á iniciativa que regula este convenio que inclúa programación de actividades, actos e eventos que achega de contido ao Pavillón durante o tempo que permaneza en activo.

- k **Apoiar e contribuír á difusión** das actividades culturais que se desenvolvan no pavillón temporal resultado da colaboración.

**TERCEIRA. –** ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento total que conleva a organización e celebración das actuacións obxecto de convenio ascende á cantidade de DOUSCENTOS **SETENTA E CINCO MIL EUROS (275.000,00 €).**

A **Fundación Arquia** comprométese a financiar as mencionadas actividades coas seguintes achegas: **CENTO SETENTA E CINCO MIL EUROS (175.000 €).**

O **Concello de Vigo** comprométese a financiar as actuacións necesarias para o desenvolvemento do obxecto do presente convenio con cargo ao seu orzamento municipal mediante a achega de: **CEN MIL EUROS (100.000 €),** da partida 3340.489006 dos Orzamentos do Concello de Vigo 2024.

Este importe irá destinado integramente á construción do pavillón temporal resultado do concurso, e nel non se poderán imputar os gastos relativos a licenzas ou taxas municipais recollidas na cláusula Segunda, nin os gastos asociados ao programa cultural a implementar.

Tanto a Fundación Arquia como o Concello de Vigo poderán obter financiamento complementario a través de patrocinios públicos e privados da actividade. As entidades que mostren interese en patrocinar o evento deberán ser informadas e contar co visto e prace da Fundación Arquia, da Secretaría Xeral de Axenda Urbana, Vivenda e Arquitectura do MVAU, e do Concello de Vigo.

Non serán admisibles as propostas de patrocinio que poidan ir en contra dos intereses da Fundación Arquia, como poden ser os patrocinios de entidades competidoras tanto da entidade ou colectivos aos que representan.

**CUARTA. -** ABONO DO FINANCIAMENTO

A forma de pago da achega por parte do Concello de Vigo á Fundación Arquia, será nun único pago no prazo de 30 (trinta) días naturais desde a firma do presente convenio. O abono do importe realizarase mediante transferencia á conta bancaria, con titularidade da Fundación Arquia, con número: ES40 3183 0800 8310 0069 0121.

**QUINTA. -** COMISIÓN DE SEGUIMENTO, VIXILANCIA E CONTROL DA EXECUCIÓN DO CONVENIO E DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLAS PARTES.

A efectos do seguimento da aplicación do presente convenio, se fose necesario, constituirase unha Comisión de Seguimento, vixilancia e control da súa execución, á que corresponderá velar polo

correcto desenvolvemento do disposto neste convenio, así como impulsar a adopción das medidas e accións necesarias para a colaboración pola persecución dos obxectivos comúns.

Estará integrada por polo menos dous representantes, un pola Fundación Arquia e un polo Concello de Vigo. Os acordos tomados na Comisión de seguimento, serán obrigatorios para as partes, e, se fose necesario, asinaranse os documentos pertinentes.

Se fose necesario, poderán ser convidadas ás reunións da comisión de seguimento outros membros do Concello de Vigo ou da Fundación Arquia, así como representantes do a Secretaría Xeral de Axenda Urbana, Vivenda e Arquitectura do MVAU ou o director artístico do Festival TAC!.

Esta Comisión reunirase a pedimento de calquera dos seus membros.

**SEXTA. -** DURACIÓN

O presente convenio entrará en vigor desde a súa firma e a súa vixencia estenderase ata o desmonte do pavillón, en data a acordar coa Fundación Arquia, a Secretaría Xeral de Axenda Urbana, Vivenda e Arquitectura do MVAU e a Dirección Artística de TAC!, e en todo caso no prazo máximo de tres meses desde a data de clausura das actividades do pavillón.

No caso de que, unha vez clausurado TAC! Festival de Arquitectura Urbana, o Concello de Vigo decidise manter o pavillón por máis tempo do acordado, o presente convenio quedará sen efecto na data de clausura, facéndose cargo o Concello de Vigo de todos os traballos relativos ao futuro desmonte, incluíndo desprazamentos dos autores, se fosen necesarios.

**SÉTIMA. -** MODIFICACIÓN

O presente convenio, poderá ser modificado de mutuo acordo entre as partes que interveñen no mesmo, e sempre que o oportuno acordo de modificación sexa formalizado e prodúzase antes de a expiración do seu prazo de duración. A comisión de seguimento específica tratará os temas relacionados á modificación no caso de que se considerase necesario.

**OITAVA. -** NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto no Capítulo VI, do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, así como polo art. 57 da Lei de Bases do Réxime Local e demais normas de dereito administrativo aplicables.

As cuestións litixiosas e os desacordos respecto á súa execución e interpretación que non puidesen resolverse de maneira amigable no seo da Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control, serán resoltas de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E, en proba de conformidade, subscríbese este convenio no lugar e data arriba indicados, por cuadriplicado exemplar e a un só efecto, quedando un deles en poder de cada unha das partes.

**NOVENA. -** EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto (artigo 51.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro) e, ademais, por incorrer nalgunha das causas de resolución previstas no art. 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e que a continuación se detallan:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
b) O acordo unánime de todos os asinantes.
c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

- Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.
- Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o convenio. A resolución do convenio por esta causa de resolución, podería conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se pactou. A causante do incumprimento deberá devolver o importe investido na obra ata ese momento ás outras, e farase cargo do lucro cesante derivado da resolución do contrato, conforme ao establecido no artigo 49. e) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Os efectos da resolución deste convenio, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, son os seguintes:

1 O cumprimento e a resolución dos convenios dará lugar á liquidación dos mesmos co obxecto de determinar as obrigacións e compromisos de cada unha das partes.
2 No suposto de convenios dos que deriven compromisos financeiros, entenderanse cumpridos cando o seu obxecto realizouse nos termos e a satisfacción de ambas as partes, de acordo coas súas respectivas competencias, tendo en conta as seguintes regras:
   2.a Se da liquidación resultase que o importe das actuacións executadas por algunha das partes fose inferior aos fondos que a mesma recibise do resto de partes do convenio para financiar a devandita execución, aquela deberá reintegrar a estas o exceso que corresponda a cada unha, no prazo máximo dun mes desde que se aprobou a liquidación.
   Transcorrido o prazo máximo dun mes, mencionado no parágrafo anterior, sen que se produciu o reintegro, deberase abonar ás devanditas partes, tamén no prazo dun mes para contar desde ese momento, o interese de demora aplicable ao citado reintegro, que será en todo caso o que resulte das disposicións de carácter xeral reguladoras do gasto público e da actividade económico-financeira do sector público.
   2.b Se fose superior, o resto de partes do convenio, no prazo dun mes desde a aprobación da liquidación, deberá abonar á parte de que se trate a diferenza que corresponda a cada unha delas, co límite máximo das cantidades que cada unha delas comprometeuse a achegar en virtude do convenio. En ningún caso as partes do

convenio terán dereito a esixir ao resto contía algunha que supere os citados límites máximos.

3 Non obstante o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control do convenio ou, na súa falta, do responsable do mecanismo a que fai referencia a letra f) do artigo 49, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cual deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos no apartado anterior.

E en proba de conformidade de canto antecede, as partes intervenientes asinan o presente convenio de colaboración, por duplicado e a un só efecto, no lugar e data sinalados no encabezamento.

## 14(88).- ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE DA REDACCIÓN DO "MELLORA NO SANEAMENTO NA CONTORNA DE BALAÍDOS". EXPTE. 1885/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 05/02/2024, asinado pola técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Fomento e Servizos e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.
No devandito plan figura un apartado denominado "outros investimentos", que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe "análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga" de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

**III.-** No punto III, relativo aos "Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia" do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a

súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

**IV.-** Con data 2 de febreiro de 2024 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **“MELLORAS NO SANEAMENTO NA CONTORNA DE BALAIDOS”** O devandito informe indica o seguinte:

*No ámbito de Balaídos, estanse a desenvolver actuacións de mellora dos equipamentos deportivos (estadio municipal, pistas de atletismo...) así coma de humanización das rúas da contorna (rúas Val Miñor, Fragoso, Pablo Iglesias...).*

*Nesta zona conflúen tamén importantes infraestruturas de saneamento (colector de marxe, colector da Avda Balaidos, colector de Manuel de Castro, colector da Avda do Fragoso, tanque de tormenta de Balaídos), así coma o río Lagares (nun ámbito clasificado como área de risco potencial significativo de inundación).*

*Dado os importantes caudais que circulan por estas infraestruturas de saneamento, tanto de augas fecais coma pluviais, considérase necesario analizar de modo conxunto as melloras a acometer na rede de saneamento, de xeito que se compatibilicen adecuadamente as distintas actuacións a desenvolver na zona, e minimizar a ocorrencia de episodios de desbordamento que se producen con ocasión de fortes precipitacións.*

*Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a actuación de “MELLORAS NO SANEAMENTO NA CONTORNA DE BALAIDOS” é unha actuación necesaria que non debe demorarse.*

**V.-** A vista deste informe, con data 5 de febreiro de 2024 o Concelleiro da Area de Goberno de Fomento e Servizos resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente “**“MELLORAS NO SANEAMENTO NA CONTORNA DE BALAIDOS”**

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do **““MELLORAS NO SANEAMENTO NA CONTORNA DE BALAIDOS”**

<u>**ACORDO**</u>

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(89).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE SEGUIMENTO, CONTROL E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS E EQUIPOS DE TRABALLO XESTIONADOS POLO TALLER DE VÍAS E PARQUE MÓBIL MUNICIPAL. EXPTE. 772/441.**

Visto o informe xurídico do 30/01/2024 e o informe de fiscalización do 05/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 22/01/2024, asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, a técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES.**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 13 de abril de 2022, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a APPLUS NORCONTROL, S.L.U. (B-15.044.357) o contrato de "servizo de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo Taller de Vías e Parque móbil municipal" do procedemento aberto, expediente 772/441, por un prezo total de 26.697,18 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.633,39 euros, representado unha baixa do 28,28 % do orzamento base de licitación.

**Segundo.-** O contrato formalizouse en documento administrativo en data 27/04/2022 e na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de dous anos que se empezarán a contar a partir do día seguinte ao da última sinatura do mesmo, con dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

**Segundo.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.

**Terceiro.-** Considérase conveniente polo técnico que subscribe a proposición da 1ª prórroga do contrato "de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo taller de vías e parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de

Fomento do Concello de Vigo", expediente 772/441, por un período dun ano, toda vez que o funcionamento do contrato durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

**Cuarto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Quinto.-** O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 28/04/2024 ao 27/04/2025, sendo que o prezo anual ascende a un total de TRECE MIL TRESCENTOS CORENTA E OITO MIL EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (13.348,53 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.316,69 €.

**Sexto.-** O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532.227.06.03 "Estudos de seguridade e saúde e dirección", segundo a seguinte distribución anual:

| PERÍODO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|---|---|---|
| Do 28/04/2024 ata o 31/12/2024 | 1532.227.06.03 | 9.011,55 € |
| Do 01/01/2025 ata o 27/04/2025 | 1532.227.06.03 | 4.337,04 € |
| | **TOTAL** | 13.348,59 € |

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar a 1ª prórroga, dun ano de duración, do vixente contrato de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo taller de vías e parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo expdte 772/441, formalizado coa entidade mercantil APPLUS NORCONTROL, S.L.U. (B-15.044.357) polo período comprendido dende o 28/04/2024 ata o 27/04/2025.

**Segundo-** Autorizar o gasto estimado do contrato de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo taller de vías e parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo expdte 772/441, formalizado coa entidade mercantil APPLUS NORCONTROL, S.L.U. (B-15.044.357) por importe de 13.348,59 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.316,70 €; imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.227.06.03 "Estudos de seguridade e saúde e dirección", segundo a seguinte distribución anual:

| PERÍODO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|---|---|---|
| Do 28/04/2024 ata o 31/12/2024 | 1532.227.06.03 | 9.011,55 € |
| Do 01/01/2025 ata o 27/04/2025 | 1532.227.06.03 | 4.337,04 € |
| | **TOTAL** | **13.348,59 €** |

**Terceiro.-** Notificar á empresa adxudicataria APPLUS NORCONTROL, S.L.U. (B-15.044.357) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**Cuarto.-** Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 16(90).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS: LOTE 2,3,4 E 5. EXPTE. 87871/250.

**A)** PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS: LOTE 2.

Visto o informe xurídico do 30/01/2024 e o informe de fiscalización do 05/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/2024, asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, a técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES.**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 24 de febreiro de 2022, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (B36741379) o lote 2 "subministro de áridos" do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, por un prezo total de 100.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.355,37 euros, e unhas baixas proporcionais únicas do 21,76% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no Anexo II do prego de prescricións técnicas particulares para o lote 2, e do 26,76% a aplicar aos elementos non incluídos no Anexo II do prego de prescricións técnicas particulares para o lote 2, pero pertencentes ás mesmas familias de produtos que se inclúen no lote.

**Segundo.-** O contrato formalizouse en documento administrativo en data 25/03/2022 e na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de dous anos que se empezarán a contar a partir do día seguinte ao da última sinatura do mesmo. Están contempladas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

En consecuencia, emítese documento contable AD nº 202200043813 por importe de 38.493,18 €, polo período comprendido entre o 26 de marzo de 2022 e 31 de decembro de 2022 (tte. 591 do expediente dixital) e AD FUT nº 202200043820 por importe de 61.506,82 € polo período restante do contrato e ata o vindeiro 25 de marzo de 2024 (tte. 596 do expediente dixital).

**Terceiro.-** En data 24/10/2023 notificase ao adxudicatario TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (B36741379) o preaviso da prórroga do contrato de "Subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos -Lote 2" polo período dun ano, a partir da finalización do mesmo, a tenor do disposto no artigo 29.2 da LCSP.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

**Segundo.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.

**Terceiro.-** Considérase conveniente polo técnico que subscribe a proposición da 1ª prórroga do lote 2 do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, por un período dun ano, toda vez que o funcionamento do contrato durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

**Cuarto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Quinto.-** O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 26/03/2024 ao 25/03/2025, sendo que o prezo anual ascende a un total de CINCUENTA MIL EUROS (50.000,00 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.677,69 €.

**Sexto.-** O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 "Conservación de vías e espazos públicos", segundo a seguinte distribución anual:

| PERÍODO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|---|---|---|
| Do 26/03/2024 ata o 31/12/2024 | 1532.210.00.00 | 38.493,18 € |
| Do 01/01/2025 ata o 25/03/2025 | 1532.210.00.00 | 11.506,82 € |
| | **TOTAL** | **50.000,00 €** |

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a 1ª prórroga, dun ano de duración, do lote 2 "subministro de áridos" do vixente contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, formalizado coa entidade mercantil TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (B36741379) polo período comprendido dende o 26/03/2024 ata o 25/03/2025.

**Segundo-** Autorizar o gasto estimado do lote 2 "subministro de áridos" do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, en favor da entidade TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (B36741379) por importe de CINCUENTA MIL EUROS (50.000,00 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.677,69 €; imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 "Conservación de vías e espazos públicos", segundo a seguinte distribución anual:

| PERÍODO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|---|---|---|
| Do 26/03/2024 ata o 31/12/2024 | 1532.210.00.00 | 38.493,18 € |
| Do 01/01/2025 ata o 25/03/2025 | 1532.210.00.00 | 11.506,82 € |
| | **TOTAL** | **50.000,00 €** |

**Terceiro.-** Notificar á empresa adxudicataria TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (B36741379) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**Cuarto.-** Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**B)** PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS: LOTE 3.

Visto o informe xurídico do 30/01/2024 e o informe de fiscalización do 05/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/2024, asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, a técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES.**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 24 de febreiro de 2022, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a GARCI VENTA, S.L. (B36797470) o lote 3 "subministro de materiais de construción" do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, por un prezo total de 450.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 78.099,17 euros, e unhas baixas proporcionais únicas do 21% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no Anexo III do prego de prescricións técnicas particulares para o lote 3, e do 21% a aplicar aos elementos non incluídos no Anexo III do prego de prescricións técnicas particulares para o lote 3, pero pertencentes ás mesmas familias de produtos que se inclúen no lote.

**Segundo.-** O contrato formalizouse en documento administrativo en data 23/03/2022 e na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de dous anos que se empezarán a contar a partir do día seguinte ao da última sinatura do mesmo. Se establecen dúas prorrogas dun ano de duración cada unha.

En consecuencia, emítese documento contable AD nº 202200043814 por importe de 174.452,08 €, polo período comprendido entre o 24 de marzo de 2022 e 31 de decembro de 2022 (tte. 592 do expediente dixital) e AD FUT nº 202200043821 por importe de 275.547,92€ polo período restante do contrato e ata o vindeiro 23 de marzo de 2024 (tte. 598 do expediente dixital).

**Terceiro.-** En data 24/10/2023 notificase ao adxudicatario GARCI VENTA, S.L. (B36797470) o preaviso da prórroga do contrato de "subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos -Lote 3" polo período dun ano, a partir da finalización do mesmo, a tenor do disposto no artigo 29.2 da LCSP.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

**Segundo.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.

**Terceiro.-** Considérase conveniente polo técnico que subscribe a proposición da 1ª prórroga do lote 3 do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, por un período dun ano, toda vez que o funcionamento do contrato durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

**Cuarto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Quinto.-** O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 24/03/2024 ao 23/03/2025, sendo que o prezo anual ascende a un total de DOUSCENTOS VINTE E CINCO MIL EUROS (225.000,00 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 39.049,59 €.

**Sexto.-** O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 "Conservación de vías e espazos públicos", segundo a seguinte distribución anual:

| PERÍODO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|---|---|---|
| Do 24/03/2024 ata o 31/12/2024 | 1532.210.00.00 | 174.452,08 € |
| Do 01/01/2025 ata o 23/03/2025 | 1532.210.00.00 | 50.547,92 € |
| | **TOTAL** | **225.000,00 €** |

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a 1ª prórroga, dun ano de duración, do lote 3 "subministro de materiais de construción" do vixente contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, formalizado coa entidade mercantil GARCI VENTA, S.L. (B36797470) polo período comprendido dende o 24/03/2024 ata o 23/03/2025.

**Segundo-** Autorizar o gasto estimado do lote 3 "subministro de materiais de construción" do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, en favor da entidade GARCI VENTA, S.L. (B36797470) por importe de DOUSCENTOS VINTECINCO MIL EUROS (225.000,00 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 39.049,59 €; imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 "Conservación de vías e espazos públicos", segundo a seguinte distribución anual:

| PERÍODO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|---|---|---|
| Do 24/03/2024 ata o 31/12/2024 | 1532.210.00.00 | 174.452,08 € |
| Do 01/01/2025 ata o 23/03/2025 | 1532.210.00.00 | 50.547,92 € |
| | **TOTAL** | **225.000,00 €** |

**Terceiro.-** Notificar á empresa adxudicataria GARCI VENTA, S.L. (B36797470) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**Cuarto.-** Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

## ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## C) PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS: LOTE 4.

Visto o informe xurídico do 30/01/2024 e o informe de fiscalización do 05/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/2024, asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, a técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de

Control Orzamentario, o xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES.**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 24 de febreiro de 2022, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a GARCI VENTA, S.L. (B36797470) o lote 4 "subministro de materiais de ferretería" do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, por un prezo total de 160.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 27.768,60 euros, e unhas baixas proporcionais únicas do 26% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no Anexo IV do prego de prescricións técnicas particulares para o lote 4, e do 26% a aplicar aos elementos non incluídos no Anexo IV do prego de prescricións técnicas particulares para o lote 4, pero pertencentes ás mesmas familias de produtos que se inclúen no lote.

**Segundo.-** O contrato formalizouse en documento administrativo en data 23/03/2022 e na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de dous anos que se empezarán a contar a partir do día seguinte ao da última sinatura do mesmo.

En consecuencia, emítese documento contable AD nº 2202200043815 por importe de 62.027,40 €, polo período comprendido entre o 24 de marzo de 2022 e 31 de decembro de 2022 (tte. 593 do expediente dixital) e AD FUT nº 202200043822 por importe de 97.972,60 € polo período restante do contrato e ata o vindeiro 23 de marzo de 2024 (tte. 598 do expediente dixital).

**Terceiro.-** En data 24/10/2023 notificase ao adxudicatario GARCI VENTA, S.L. (B36797470) o preaviso da prórroga do contrato de "subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos -Lote 4" polo período dun ano, a partir da finalización do mesmo, a tenor do disposto no artigo 29.2 da LCSP.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

**Segundo.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de

duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.

**Terceiro.-** Considérase conveniente polo técnico que subscribe a proposición da 1ª prórroga do lote 4 do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, por un período dun ano, toda vez que o funcionamento do contrato durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

**Cuarto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Quinto.-** O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 24/03/2024 ao 23/03/2025, sendo que o prezo anual ascende a un total de OITENTA MIL EUROS (80.000,00 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.884,30 €.

**Sexto.-** O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 "Conservación de vías e espazos públicos", segundo a seguinte distribución anual:

| PERÍODO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|---|---|---|
| Do 24/03/2024 ata o 31/12/2024 | 1532.210.00.00 | 62.027,40 € |
| Do 01/01/2025 ata o 23/03/2025 | 1532.210.00.00 | 17.972,60 € |
| | **TOTAL** | **80.000,00 €** |

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a 1ª prórroga, dun ano de duración, do lote 4 "subministro de materiais de ferretería" do vixente contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, formalizado coa entidade mercantil GARCI VENTA, S.L. (B36797470) polo período comprendido dende o 24/03/2024 ata o 23/03/2025.

**Segundo-** Autorizar o gasto estimado do lote 4 "subministro de materiais de ferretería" do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, en favor da entidade GARCI VENTA, S.L. (B36797470) por importe de OITENTA MIL EUROS (80.000,00 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.884,30 €; imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 "Conservación de vías e espazos públicos", segundo a seguinte distribución anual:

| PERÍODO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|---|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| Do 24/03/2024 ata o 31/12/2024 | 1532.210.00.00 | 62.027,40 € |
| Do 01/01/2025 ata o 23/03/2025 | 1532.210.00.00 | 17.972,60 € |
| | **TOTAL** | **80.000,00 €** |

**Terceiro.-** Notificar á empresa adxudicataria GARCI VENTA, S.L. (B36797470) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**Cuarto.-** Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## D) PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS: LOTE 5

Visto o informe xurídico do 30/01/2024 e o informe de fiscalización do 05/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/2024, asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, a técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES.**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 24 de febreiro de 2022, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (COVSA) (A36008886) o lote 5 “subministro de formigón bituminosos” do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87.871/250, por un prezo total de 60.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.413,22 euros, e unhas baixas proporcionais únicas do 15,41% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no Anexo V do prego de prescricións técnicas particulares para o lote 5, e do 20.41% a aplicar aos elementos non incluídos no Anexo V do prego de prescricións técnicas particulares para o lote 5, pero pertencentes ás mesmas familias de produtos que se inclúen no lote.

**Segundo.-** O contrato formalizouse en documento administrativo en data 21/03/2022 e na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de dous anos que se empezarán a contar a partir do día seguinte ao da última sinatura do mesmo, con dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

En consecuencia, emítese documento contable AD nº202200043816 por importe de 23.424,64 €, polo período comprendido entre o 22 de marzo de 2022 e 31 de decembro de 2022 (tte. 594 do expediente dixital) e AD FUT nº 202200043823 por importe de 36.575,36 € polo período restante do contrato e ata o vindeiro 21 de marzo de 2024 (tte. 600 do expediente dixital).

**Terceiro.-** En data 24/10/2023 notificase ao adxudicatario CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (COVSA) (A36008886) o preaviso da prórroga do contrato de "subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos -Lote 5" polo período dun ano, a partir da finalización do mesmo, a tenor do disposto no artigo 29.2 da LCSP.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

**Segundo.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.

**Terceiro.-** Considérase conveniente polo técnico que subscribe a proposición da 1ª prórroga do lote 5 do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, por un período dun ano, toda vez que o funcionamento do contrato durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

**Cuarto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Quinto.-** O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 22/03/2024 ao 21/03/2025, sendo que o prezo anual ascende a un total de TRINTA MIL EUROS (30.000,00 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.206,61 €.

**Sexto.-** O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 "Conservación de vías e espazos públicos", segundo a seguinte distribución anual:

| PERÍODO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|---|---|---|
| Do 22/03/2024 ata o 31/12/2024 | 1532.210.00.00 | 23.424,64 € |
| Do 01/01/2025 ata o 21/03/2025 | 1532.210.00.00 | 6.575,36 € |
| | **TOTAL** | **30.000,00 €** |

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a 1ª prórroga, dun ano de duración, do lote 5 "subministro de formigón bituminosos" do vixente contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, formalizado coa entidade mercantil CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (COVSA) (A36008886) polo período comprendido dende o 21/03/2024 ata o 20/03/2025.

**Segundo-** Autorizar o gasto estimado do lote 5 "subministro de formigóns bituminosos" do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, en favor da entidade CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (COVSA) (A36008886) por importe de 30.000,00 euros) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.206,61 €; imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 "Conservación de vías e espazos públicos", segundo a seguinte distribución anual:

| PERÍODO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|---|---|---|
| Do 22/03/2024 ata o 31/12/2024 | 1532.210.00.00 | 23.424,64 € |
| Do 01/01/2025 ata o 21/03/2025 | 1532.210.00.00 | 6.575,36 € |
| | **TOTAL** | **30.000,00 €** |

**Terceiro.-** Notificar á empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (COVSA) (A36008886) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**Cuarto.-** Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(91).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.
A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez